

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2010/02
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 15 de marzo de 2010

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do d3a **15 de marzo de 2010** reuni3use o Pleno do Concello en sesi3n convocado ao efecto con car3cter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesi3n:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D. Jos3 Carlos Rodriguez Andina
D^a Ana Mar3a Docobo Fern3ndez.
D. Jos3s L3pez Penabad
Dona Bego3a Sanjurjo Santar.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino P3rez Vacas
D. Ram3n L3pez P3rez
Dona Maria Jos3 Rodriguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas 3lvarez
Agust3n Reymondez Gancedo.

Secretario:

D.Manuel J. Diaz S3nchez

Interventora:

D.^a M3nica Iglesias Prego.

T3cnico de Admon. Xeral.D.Jos3 Rodil Veiga.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos comprendidos na orde do día, polo Sr. Alcalde se sinala que antes de entrar nos diversos temas que teñen para o día de hoxe, hai unha persoa da Corporación que ten que tomar posesión e vai a facelo polo pasamento e o falecemento de outra persoa , que foi Concelleiro aquí durante moitos anos, o Sr. D.José Duarte Díaz, “Nenó”, e desde o Concello de Ribadeo, como Alcalde, e supón que tamén no nome de toda a Corporación , quixera á marxe do que é o procedemento normal dos Plenos, que todos gardaran un minuto de silencio pola súa memoria, recordando o que foi unha persoa de ben, de moi bo trato, instalado nunha posición política propia do seu partido, diferente de tódolos demais grupos, pero que sempre traballou tanto na oposición como no goberno que estivo durante moitos anos, que traballou polo ben de Ribadeo, para os ribadenses, para os veciños e para as veciñas, que foi un home de diálogo e de consenso tamén.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que cree que toda a Corporación unanimemente, como xa fixeron no momento do seu pasamento e que xa o faloron tódolos portavoces , de ter de feito institucional un minuto de silencio. Pídelles o tódolos membros da Corporación e tamén a todo ó público que se levanten e que garden un minuto de silencio.

A Corporación de Ribadeo e o público asistente levantanse e manteñen un minuto de silencio en recordo ao que foi Concelleiro do Grupo Municipal popular Sr.Duarte Díaz.

Pasado ese minuto o Sr. Alcalde dá as grazas.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pasase dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2010/01/11.TOMA DE POSESIÓN DE DONA ANA MARÍA DOCOBO FERNÁNDEZ COMO CONCELEIRA DESTA CORPORACIÓN.

Le o Secretario o disposto noa Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral para a toma de posesión, facedo constar que se ten expedida a favor de dona Ana María Docobo Fernández, a correspondente credencial pola Xunta Electoral Central e formalizado no Rexistro Xeral a Declaración de Intereses e Causas de incompatibilidade e que pode tomar válidamente posesión do cargo.

A Sra. Ana María Docobo Fernández fai o xuramento e di o seguinte: “Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleira con lealtade ó Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

O Sr. Alcalde dalle a benvinda como nova Concelleira.

2010/02/12- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚM. 1 DE DATA DO 18.01.2010.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de data 18 de xaneiro de 2010, acta núm. 2010/01, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha obxección.

O Sr. López Pérez manifesta que si, que quería que se fixera unha corrección, xa que nas súas intervencións aparecen os seus apelidos cambiados, en vez de López Pérez pon "Pérez López" e lle gustaría que se cambiara.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda a rectificación do erro material da acta anterior ,respecto a orde dos apelidos do sr.Lopez Perez, e coa mesma prestarlle a súa aprobación.

2010/03/13.-RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 184/2009 DE 1 DE DECEMBRO DE 2009 Á NÚMERO 11 DE 29 DE XANEIRO DE 2010.

Iníciase o debate comezando polo grupo municipal popular, e o seu portavoz, o Sr. Rodríguez Andina manifesta que non funcionan os microfónos do seu grupo, procedéndose ao arranxo do fallo detectado e proseguindo no uso da palabra.

O Sr. Rodríguez Andina comeza a súa intervención facendo referencia a un decreto que lle parece que cando menos é chocante , que corresponde ó número 3263, que é unha factura de EON, que como todo o mundo sabe é unha empresa de subministro eléctrico e que vai cargada a Concellería da Muller por "Actuacións campaña igualdade un futuro por compartir en igualdade", e chámalle a atención.

A Concelleira Delegada de Cultura, a Sra. Álvarez Lastra contesta que non, que ten que estar mal redactado.

O Sr.D. Vicente Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda pregunta de que importe é.

Respóstalle o Sr. Rodríguez Andina que é de 464,60€, e di que non foi o único en velo.

A Concelleira Delegada de Cultura, Sra. Álvarez Lastra di que ten que estar mal redactado.

Pide o Sr. Rodríguez Andina que se mire , se é unha errata , ou ver que puido ser.

A Sra. Álvarez Lastra tamén pide que se mire.

Pregunta o Sr. Alcalde que número é.

O Sr. Rodríguez Andina respóstalle que é o 3263, e prosegue dicindo que tampouco deixa de ser chocante outra, que vai a nome de Alvar González Contratas, S.A., que é de subministro de aglomerado asfáltico para obras, e pregunta para que obra é, xa que o importe é de 53,49€, e di que a obra debe de ser moi trascendente.

O Sr. Alcalde di que cre que é unha tonelada de aglomerado en frío que debe ser de cando a brigada de obras vai a buscar a unha planta que hai no occidente asturiano.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina interesándose por outro pago que é dos parques e di que lle parece moi ben , e supón que virá cunha subvención, imaxínase que é a explicación que lle van a dar, e neste momento coa situación económica que existe neste Concello e en todos, gastar 12.000€ en parques infantís non deixa de ser, e que cre que os señores do goberno municipal deben de ir priorizando un pouco os gastos, ou el así o cre, que son doce mil euros para parques infantís.

Cando ía a proceder o Sr. Rodríguez Andina a referirse ao decreto 3407, o Sr. Alcalde manifesta que quere intervir, e o Sr. Rodríguez Andina di que do apartado de decretos cre que sabe algo, entón di que non pretende debatir con ninguén, que é unha aclaración de decretos e nada máis, ou así o cre el, pero que se quere que o debaten.

O Sr. Alcalde di que quere intervir se llo permite, e que iso (a actuación de parques) conta cunha subvención importante da Deputación Provincial de Lugo, pero que en todo caso, cre que foi atendendo as sucesivas demandas dos diferentes grupos da corporación, non sabe si do seu exactamente, pero que aquí sempre se falaba de parques infantís en tódalas parroquias e ademais de parques biosaludables.

O Sr. Rodríguez Andina di que agora xa lle soa. Prosegue o Sr. Rodríguez Andina facendo referencia aos decretos 3407 e 3408, e di que lle recomenda, que non sabe el pero seguro que a Sra. Interventora si, o concepto de “servizo de gabinete de prensa de novembro e decembro de 2009”, que polo menos non vaia a partida presupostaria “publicidade e propaganda”. Di que non sabe cal é a partida presupostaria á que pode ir, pero si os están acusando a eles de forma reiterada de que ese servizo de gabinete de prensa é de publicidade e propaganda do equipo de goberno, e o poñen en publicidade e propaganda, que queren que lles digan os demais?... Que é publicidade e propaganda, por suposto.

O Sr. Alcalde di que hai unha partida presupostaria que se chama así, non é que eles o chamen así , e que non sabe se Intervención ten outra partida contable.

A Sra. Interventora resposta que non.

O Sr. Rodríguez Andina di que a el dalle igual, pero que eles teñen que entender que se lle poñen no título “publicidade e propaganda”, como lle van a chamar os demais? Pois publicidade e propaganda.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda, di que estaba presupostado en “Traballos realizados por outras empresas” e que o tema de que esté contabilizado nesa partida lle sorprende tamén a el.

O Sr. Rodríguez Andina dille o Sr. Castro Reigosa que o pon alí.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina referíndose aos decretos cos números 3420 e 3423 que corresponden a comunicacións telefónicas, e teñen que entender que eles sexan un pouco estrictos, porque como durante moitos anos oíron moitas, teñen que dicir que a parte de que hai toneladas de teléfonos públicos, hai nun mes sete e noutro oito teléfonos móbiles que superan os 100€ de consumo, e algunhos chegan ós 260€, así que pide que se apliquen o conto que lle contaban a outros fai unhas anos, e que se daquela non se podía despilfarrar en teléfonos móbiles, que tiñan dous ou tres lle parece, ou catro, agora que teñen a lo menos doce ou trece nestas listaxes, xa que noutros que hai a maiores, como ó da Policía Municipal, o Dinamizador Turístico,... Que sete ou oito teléfonos móbiles por encima dos 100€, e algunhos por 259€, 226€, 209€, 208€, 248€, 137€, etc.

O Sr. Castro Reigosa di que hai unha limitación dos teléfonos móbiles, que están limitados todos, hai algún mes que o sistema de limitación que ten Telefónica non funciona, pero a parte disto e dos importes ós que se refire, o presuposto para telefonía móbil, tanto para cargos públicos como para o resto, é o máis baixo dos últimos anos no presuposto, e que non se chegou a agotar en ningunha das partidas.

Respostalle o Sr. Rodríguez Andina que o segundo parece ben, pero que, respecto ao primeiro de que a veces non funciona o limitador da compañía, sempre hai o limitador persoal e cando un deixa de chamar, xa custa menos.

O Sr. Alcalde dille que vai a facer unha aclaración, os Concelleiros son catro, e que cada un ten un móbil, o resto de móbiles son dos servizos do Concello de Ribadeo, e incluso hai unha serie de ADSL de parroquias tamén, que antes non o había e agora hainos. Cre que o do Alcalde é o móbil que máis gasta, ou non, que hai algún servizo que gasta máis que o móbil do Alcalde, e debe decilo, un dos meses que o Alcalde máis pode gastar cre que está en torno os 200€, non o de 250 ou 248 como está vendo alí que hai algún. É certo que hai algún momento en que o sumatorio do que eles poden gastar, as catro persoas, e notabilísimamente inferior a mandatos anteriores ou en gobernos de maioría absoluta con varios concelleiros ou gobernos de coalición con máis concelleiros. Non obstante, intentan na medida do posible gastar cada vez menos, ou intentar falar desde os teléfonos fixos do Concello cando andan polo Concello, e non falar desde o teléfono móbil, pero ó ser catro, non poden estar en varios sitios ó mesmo tempo, e hai veces que moitas xestións se teñen que resolver dende o teléfono móbil.

O Sr. Rodríguez Andina , do Grupo Municipal Popular di que lle agradece dúas cousas, que lle permita aclarar que si hai efectivamente por encima dos 248€, xa que se mira ben, na listaxe anterior, hai 359,63€, polo tanto, cando el fala de números é que os viu. Isto en primeiro lugar, e en segundo lugar dalle moi bo pé ó Sr. Concelleiro de Facenda, que é o goberno que menos gasta, di que el mesmo llo explicou, que son catro concelleiros, e que cando eran oito obviamente, aínda que cada un gastara menos, era o dobre de persoal, é moi fácil.

O Sr. Alcalde di que recorda que aínda as facturas eran en pesetas, e que eran 80.000 pesetas, que ó cambio debe de ser unos quinientos e pico de euros.

Prosegue preguntando o Sr.Rodríguez Andina polo Decreto num.3437 e di que non sabe de que vai, xa que hai unha factura de Celta Prix de 1.662,95€ que pon traslado de voluminosos ó punto limpo, e o 3440, no que hai outra factura neste caso de Cespa , de 2.742,20 € que pon tratamento de residuos voluminosos, e quere que se lle explique cal é a diferenza entre unha cousa e outra, xa que suman catro mil e pico euros.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, di que cre que é bastante fácil e explica que a partir de primeiros de setembro do ano pasado, Sogama deixou de recibir os voluminosos. Entón eles tiveron a obrigaón de buscar unha empresa que se chama Cespa que é a única que está rexistrada para poder recepcionar ese tipo de residuos. Cespa recepciona e eles teñen que pagar a razón de sobre cento sesenta e tantos euros por tonelada, para que o poida recepcionar, e algún o ten que levar, e neste caso é Celta Prix, unha empresa que é a que ten menor custo, que antes estiveron con Reromas e cobraba máis, por iso se cambiou, e esa é a consecuencia desas dúas facturas. De todas formas, a Consellería vai a pagar unha cantidade que é trimestral que foi polo mes de xaneiro, ou cuatrimestral, que foi cando lles pagou os catro últimos meses, e vai a seguir pagando porque eles se queixaron, a través do Concello, de que a carga que tiñan que pasaba de 50€ que se lle estaba pagando a Sogama a cento sesenta e pico, e que este é o motivo de que haxa dúas facturas.

O Sr. Rodríguez Andina di que Cespa non recolle salvo que esté depositado no punto limpo.

O Sr. Cupeiro Rodríguez dille que si, e o Sr. Rodríguez Andina di que si, que así de fácil é.

Prosegue o Sr.Rodríguez Andina, cos decretos números 3430, 3435, 3439, 3473, 3480, 3488, 3510, que son todos do Mercado do Nadal, e que non lle digan que xa o viu nun decreto posterior, que 6.000€ desos daos a Deputación Provincial, que nun cre que moitos grupos deste Concellos pediran que se gastaran 6.000€ no Mercado do Nadal, e iso é o que se gasta 8.924€, e tendo en conta que só en cuñas de radio que aparezcan aquí identificadas ou en anuncios de prensa gástanse 1.400€ para o Mercado do Nadal. O seu grupo segue decindo que hai que priorizar, porque que lles dean 6.000 € non quere dicir que haxa que pedilos para o Mercado do Nadal, que igual hai que pedilos para cousas máis importantes co Mercado do Nadal.

Prosegue cos números do 3.502 a 3505 que é outro asunto que lles choca moito, é o aluguer de micrófonos para actividades culturais, que hai algún día oito micrófonos.

A Sra. Álvarez Lastra di que son para as actuacións, para o sonido das actuacións.

O Sr. Rodríguez Andina di que son oito micrófonos a 34€ para cada micrófono.

A Sra. Álvarez Lastra di que iso son dous equipos de sonido que se poñen aos grupos para as actuacións que fan as actividades que están sumados todos aí, que se refire a iso.

Con respecto ó decreto número 3513 manifesta que ten que dicir que hai tantas anotacións, que supón que os compañeiros dos outros grupos tamén lles pasaría, que había tantas anotacións que nunha das follas quedou sen números, nin de referencias nin de cantidades, debeúselles de acabar a tinta nese momento, entón este decreto quédase un pouco coxo.

Dos Decretos números 3526 ó 3528 hai unhas pagos a unha procuradora, e quere saber a que actuacións xudiciais se refire, se non supón ningún descubrimento que non se poida facer público, que o Sr. Secretario lles dirá se se pode facer público ou non.

O Sr. Secretario di que o Sr. Alcalde lle pide que o explique un pouco, que se trata de gastos dun procurador, que a representación letrada ou se leva polo servizo xurídico da Deputación ou por esta Secretaría, pero que para a representación sobre todo do Tribunal Superior ten que ser mediante procurador, entón son pleitos do Concello, pero a representación procesal a ten que levar neste caso unha procuradora da Coruña que é a que actúa normalmente ante o Tribunal Superior de Xusticia.

O Sr. Rodríguez Andina di que iso si, pero que se se pode dicir no Pleno a que corresponden os casos que aparecen aquí, que non dá os nomes que aparecen alí, porque senón se poden dar os nomes non se dan, pero si se pode quere aclarar a que se corresponden cada un destes apartados.

Pregunta o Sr. Alcalde se dan os nomes ou non os dan. Porque se lle pregunta el non ten ningún problema en dar os nomes, pero que por exemplo hai unha S.L., que habería que mirar a minuta, porque ten abertos varios contenciosos, e non dende agora, senón dende hai anos, e non sabe a cal se refire.

Pide o Sr. Rodríguez Andina que se lle dean conta nos próximos días.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema.

Prosegue referíndose ao Decreto número 3544, que se refire á reparación da fotocopiadora da Escola de Música que custa 378,64€, pero que resulta que ó número 3543 é o aluguer da fotocopiadora da Escola de Música que custa 22€ e pregunta se en lugar de reparar a fotocopiadora que custa 378 euros, non houbera sido mellor comprala e seguir pagando o aluguer de 22€.

A Sra. Álvarez Lastra di que a de 22 € é a que está na Escola de Música e a outra fotocopadora foi de Gráficas Ribadeo, de cando adquiriron novas máquinas, entón deulle a Escola unha máquina Canon porque a eles xa lles quedaba moi atrasada para utilizala. Esta é unha que a valoraron, que está valorada en cinco mil e pico de euros, e parecíalles unha pena non utilizala en lugar de comprar unha nova, pero poñela en marcha e que viñeran os de Canon a pasala a Escola, foi o que custou, eses trescentos e pico de euros.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se quere dicir que hai dúas fotocopadoras distintas.

A Sra. Álvarez Lastra di que hai unha primeira que era a que había xa na Escola que é a do aluguer que se pagaron os vinte e dous euros, e a outra é a que se pasou dende Gráficas Ribadeo.

O Sr. Rodríguez Andina di que como nas dúas poñía “fotocopadora” e “fotocopadora” unha detrás da outra, parece que é a mesma.

A Sra. Álvarez Lastra di que non, que son dúas distintas.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina cos decretos números 3569 e 3570, a Unipress, S.A. por publicidade radiofónica mensual e publicidade radiofónica mensual, que son dúas seguidas, e pregunta que quere dicir isto, que Unipress que non sabe exactamente quen é se de “publicidade e propaganda”, e se lle paga cada mes fixo unha cantidade.

O Sr. Alcalde respostalle que hai unha “bolsa de cuñas”, que esta é dunha emisora de radio, igual que a hai doutra emisora tamén, e entón en función diso, se opta, porque así saen máis baratas o longo do ano, e en todo caso queda libre a disponibilidad para o final do ano, regularizar.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se cada mes a Unipress, S.A. páganselles douscentos coarenta e seis mil coma cincuenta euros.

O Sr. Alcalde aclara que son 246,50€.

O Sr. Rodríguez Andina di que iso é o que dixo, e pregunta se é durante doce meses.

O Sr. Alcalde respostalle que non, que de momento estan en xaneiro, febreiro, estan a principios do ano, que non, pide desculpas que se equivocou, que é novembro, decembro, e xaneiro e febreiro.

O Sr. Rodríguez Andina di que a pregunta é que pon publicidade radiofónica mensual e que importa 246,50€.

O Sr. Alcalde di que por exemplo para o Mercado do Nadal, que se fixeron unha serie de cuñas moi concentradas, que se optou por facelo dunha maneira “en paquete”, porque saen máis baratas, e non é por outra cousa.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se hai o mesmo “paquete” tódolos meses

O Sr. Alcalde di que non.

O Sr. Rodríguez Andina di que é unha casualidade que nestes dous meses sairon, e ten que pensar que eses “paquetes” os hai en máis sitios, non só en Unipress.

O Sr. Alcalde aclara que si, que o ten habido nunhos sitios unha temporada e outra temporada non, como é o caso, que se pode facer o seguimento dunha actividade para ver se se segue tódolos meses ou non.

O Sr. Rodríguez Andina segue dicindo se isto tamén vai a unha cousa que se chama publicidade e propaganda.

O Sr. Alcalde dille que si, que publicitar o Mercado do Nadal, por poñer por caso, e publicitar o Festival de Tapas ou publicitar algo é publicidade e propaganda.

O Sr. Rodríguez Andina reitera que priorizar tamén é priorizar. Prosegue o Sr. Concelleiro sinalando que quere facelo con algo que quere destacar de maneira importante na acta deste Pleno, porque quere destacar que hai un decreto que corresponde o 2205/09 donde hai un recoñecemento extraxudicial de crédito número 1 de 2009, que falta fai que fora o número 1 que foi en decembro, porque se fora o número dez ou doce entón si que non hai cartos pero daquela estarían poñendoos do peto. Quere destacar que este recoñecemento extraxudicial de crédito que quere dicir que hai que pagar todo aquilo que xa se sabe, que hai trinta e cinco facturas do goberno anterior e cuarenta e cinco do goberno actual, e dicir que levan unha racha boa tantos os anteriores como os actuais, e isto non se pode converter, como sabe o Concelleiro de Economía e Facenda nunha norma, isto ten que ser algo extraordinario, e agora llo explicará, pero os coarenta e cinco recoñecementos extraxudiciais de crédito non llos quita de enriba ninguén.

O Sr. Castro Reigosa , Concelleiro Delegado de Facenda di que non llos quita ninguén, pero que se el mira o recoñecemento anterior que se fixo , habería ó mellor máis da súa etapa que da anterior, e isto é inevitable, vense de atrás para adiante, e preguntalle ao Sr. Rodríguez Andina se o entende.

O Sr. Rodríguez Andina dille que si que o entende.

O Sr. Castro Reigosa prosegue explicando que se veñen recoñecendo facturas de antigo, ó normal é que as de atrás teñan desaparecido, e que se veña eliminando hacia adiante, e non ten outra explicación.

O Sr. Rodríguez Andina dille ó Sr. Castro Reigosa que o recoñecemento extraxudicial de créditos non é iso, non é ir recollendo de atrás para adiante, é que todas aquelas que non están documentadas , que se presentaron , e que non se aprobaron dentro do ano correspondente, e dicir, son todas esas cousas, pero ademais dille que respecto ao deles non lle fale , porque como deixaron isto feito unha porquería iso xa está asumido, pero que agora os que están gobernando son eles, e que no tempo que levan son coarenta e cinco.

O Sr. Castro Reigosa pola súa parte , dille ao Sr. Rodríguez Andina que lle pode dicir tamén que queda todavía algunha factura pendente de recoñecer tamén da súa etapa e que quedan moitas máis de etapas posteriores , e que a maior parte das facturas que están en recoñecemento extraxudicial son facturas que entran con moito retraso no rexistro e que entran fora de ano, polo tanto van directamente ó recoñecemento extraxudicial.

O Sr. Rodríguez Andina dille que xa sabe que isto non é cuestión de debate, pero que lles pon “para rematar”, e pregunta se todavía quedan da súa época, que levan fora do goberno municipal sete anos, e nin o goberno anterior con catro , nin eles con tres foron capaces de pagalas, e ademais aínda o dice, e di que está moi ben.

O Sr. Castro Reigosa dille pola súa parte , que claro que o dí, porque este recoñecemento extraxudicial concreto que agora ten enriba da mesa, é un recoñecemento feito dentro da contabilidade dun ano , que reúne unhas circunstancias especiais ,que pode explicar a Sra. Interventora, que non permite meter tódalas facturas e nin sequera por antigüidade de etapas anteriores.

Pregunta o Sr. Rodríguez Andina se son sete.

O Sr. Alcalde di que lle gustaría matizar que se meten agora porque lles queda remanente, que a pesar de que hai menos ingresos que nunca, queda remanente para poder meter en recoñecemento facturas do pasado, que quizais se se gastara todo o que se ingresa, se se quedara “a pre”, non se poderían meter no recoñecemento extraxudicial facturas do pasado, como quizais pasou ata o de agora.

O Sr. Rodríguez Andina di que tamén lles queda remanente porque non invirten todo o que vai nos presupostos do ano, entón como non o invirten, ten que sobrar.

O Sr. Alcalde di que efectivamente, porque se gastan moito, pasanse moito, e se gastan pouco son poucos e moi rancos , e non gastan o que deberían, que un nunca sabe realmente o que vai a facer na vida.

O Sr. Rodríguez Andina dille que iso é o malo.

Por último di o Sr. Rodríguez Andina que non entende moi ben esta resolución , e extrañalle que sexa como a entende el, por iso pregunta. Di “examinado o expediente tramitado baixo o número RP/2009/06/2010 en virtud do parte formulado pola Policía Local con data 9 de novembro de 2009, sobre declaración por responsabilidade patrimonial por danos producidos no seu vehículo matrícula M etc, o ser golpeado por un contedor na Avenida de Rosalía de Castro desta vila á altura do número tanto,---“ e pregunta se ¿donde pon “no seu vehículo” se é o da Policía? Se a Policía emite un parte porque lle deron un golpe no coche da Policía , ou ¿hai un parte porque a Policía informa de que lle pegaron un golpe ó coche de alguén?

O Sr. Alcalde di que entende que se lle deu por culpa dun contedor de propiedade municipal , e se lle deu a un particular, a un turismo particular, el entende que ese turismo, ó propietario reclamou ó Concello , e os informes periciais tanto da Policía como dos técnicos competentes nesta materia determinaron que foi por culpa do Concello, e por iso se asume esa culpa.

O Sr. Rodríguez Andina di que a súa dúbida é porque en tódolos casos deste tipo e hai varios neste conxunto de resolucións, sempre aparece o nome das persoas, e como aquí dice que é un parte formulado pola Policía Municipal sobre reclamación por danos producidos no seu vehículo.

O Sr. Alcalde dille que si , que se trata dunha errata.

Inicia o turno o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI, e pregunta con respecto o decreto número 188/09 no que hai unha resolución da Alcaldía dunha reclamación patrimonial na rúa Transversal, que xa preguntaron no Pleno anterior porque non se tiña reparado. Neste decreto o Concello dice que non se fai responsable da reclamación presentada por unha Enxeñería, por un particular, aducindo que a rúa non está entregada, e di que se ese tramo de rúa non está entregada deberíanse de adoptar medidas pertinentes, sobre todo porque foi nun vehículo, pero pode incluso haber danos a persoas, e cre que deben de tomarse medidas, e que simplemente con rechealos de terra podese evitar ese tipo de reclamacións ó Concello, que levan tempo e que é un coste para os traballadores municipais para informalos, cre que son cuestións que se podían evitar, pide que se subsanen na medida do posible.

Prosegue manifestando o Sr.Rivas Alvarez que , en canto ao decreto vinte e dous, e excusase por equivocarse , di que é o num.2907 que figura de data 28 de decembro donde se paga unha cea a Corales de Nadal do ano 2007 e pregunta se é unha tónica pagar as facturas do 2007 xa practicamente no 2010 ou porque non se pagou esta factura antes, ou se é a tódalas empresas por igual.

O Sr. Alcalde dille en primeiro lugar que os decretos son de aprobación, non de pago, e que en todo caso, supón que sería e pregunta se se refire a un tal Burgo?

O Sr. Rivas Alvarez respostalle que si, que é Burgo Rañón.

O Sr. Alcalde di que esa persoa as veces presenta as facturas con un ano ou dous de retraso.

O Sr. Rivas Alvarez di que entón será cuestión del, que lle chamou a atención que fora unha factura do ano 2007.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez facendo referencia a un Decreto da Alcaldía, o num. 193/09 de distribución de subvencións a distintas asociacións e grupos, de cultura, de subvencións sociais, e que chámalle a atención que soamente unha delas recibe o 100% do solicitado e que por exemplo Cáritas Parroquial que aínda que recibe unha cantidade que cre que é a máis importante, solicita unha cantidade de 3.000€ e non recibe o 100%, e pregunta se hai algunha razón? Aclara que a Asociación de Pais e Nais a Faxarda solicita 1.331,73€ e recibe 1.331,73€.

O Sr. Castro Reigosa di que non pode ser, que son subvencións nominativas.

A Sra. Álvarez Lastra di que son de concurrencia, pero que tiñan un monto total no presuposto das actividades e non é moito máis, quere dicir no presuposto das actividades que tiñan.

O Sr. Rivas Alvarez di que ten o importe solicitado e que coincide co importe concedido, por iso lle chamou a atención.

A Sra. Álvarez Lastra di que non está ben posto, que pode acceder a información, porque esas subvencións son das dela.

O Sr. Rivas Alvarez di que lle chamou moito a atención que por exemplo que Cáritas coa situación na que estamos na vida non puidera recibir o 100%.

O Sr. Alcalde di que cre que a Cáritas se lle subiu substancialmente neste ano.

O Sr. Castro Reigosa di que si, e que concretamente a partida non daba para máis, e dase conta que cando foi de debatir o presuposto criticábase a cantidade que se deixaba para concurrencia competitiva, pero a situación é esa, era unha cantidade para distribuir entre as solicitudes, e procurouselle dar o máis posible en atención a realidade existente agora mesmo da xente que atende.

O Sr. Rivas Alvarez pide que se incremente na medida do posible para estas accións.

Prosegue coa referencia ao Decreto número 3093 referido ao Centro de Estudios Teorema, donde por un concepto de "clases de apoio de alumnos de Educación Primaria e ESO a inmigrantes" páganse 1.120€ e pregunta se isto ven con subvención.

O Sr. Alcalde respotalle que si, que é unha subvención á inmigración.

Pregunta o Sr. Rivas Alvarez se se fai mensualmente.

O Sr. Alcalde respotalle que non é mensualmente, que pode que presentaran unha factura ou dúas , ou unha cousa así, de feito este ano é menos porque a subvención foi menor, en anos anteriores foi superior.

O Sr. Rivas Alvarez contestalle que xa se deu conta diso.

Prosegue o Sr. Sr. Rivas Alvarez co número 3259 de actividades socioculturais de outubro de 2009 de Ollomol Iniciativas Culturais, de 532,23€, e pregunta se isto é por traballadores que aporta ou por xente que contrata el para actuacións ou porque concepto é isto.

A Sra. Álvarez Lastra di que é por persoal de carga e descarga e mantemento de actividades que hai no Concello, por un contrato que había por un número de horas ó longo do ano , e por ese número de horas para aportar ó Concello para actividades non só son de Cultura senón para todo tipo de actividades que realiza o Concello.

O Sr. Rivas Alvarez di que non o contrata ó Concello, senón que se contrata a unha empresa para que contrate as persoas.

A Sra. Álvarez Lastra di que si, e que se cambiou agora de empresa.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez referíndose aos Decretoscos números 3261 e 3262 que é ximnasia e mantemento nas parroquias de novembro e de decembro de importes de 2.023,91€ dúas veces, e dicir, tanto en novembro como en decembro, e pregunta se é tódolos meses do ano.

Respostalle o Sr. Castro Reigosa que é polos meses de novembro a maio,e que hai un contrato asinado.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta se é con esta empresa.

O Sr. Castro Reigosa contesta afirmativamente.

O Sr. Alcalde di que hai que ter en conta que os usuarios pagan e que é unha actividade que está subvencionada en gran medida pola Deputación.

O Sr. Rivas Alvarez , pola súa parte , di que o Decreto número 3481 é de 400 tarxetas de felicitación do Nadal para a Alcaldía, este ano desde distintas institucións públicas déronse tarxetas de felicitación a través de novos medios, a través de correo electrónico, etc. Cre que é un gasto que se podía suprimir para ó próximo ano utilizando os novos medios que saíría bastante máis barato.

Prosegue dicindo que hai Decretos de tres números, 3482, 3483 e 3484 que se pagan 580€ en cada un deles a unha empresa Interdix Galicia, S.L. por difusión de temas do Concello en Galicia Digital, e pide que lle explique en que consiste iso.

O Sr. Alcalde respostalle que é unha difusión na Internet dende o punto de vista dunha web turística de relevancia e o Concello de Ribadeo estaba aboado a esta difusión e que dende hai tempo anulouse esta difusión, pero estas son as facturas atrasadas que estaban sen pasar, por iso se xuntaron no tempo, porque corresponden a varios períodos.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez facendo mención do Decreto 3492 de aluguer de camión para limpeza de cunetas en Noceda e pregunta senón teñen un camión municipal que poida facer esta función sen alugar un.

O Sr. Alcalde respostalle que si, pero que naquela época, que chovía moitísimo o camión estaba desbordado de traballo, só teñen un e aproveitando que tiñan unhas palas ou unha motoniveladora por alí, alugaron un camión externo para resolver un problema dunha cuneta.

O Sr. Castro Reigosa di que máis ca nada era debido a que o camión do Concello era para descargar e se se enterraba tiñan que sacalo.

O Sr. Alcalde engade que había moita auga no terreo e entón chamouse a un camión de obra.

O Sr. Rivas Alvarez explica que respecto ao Decreto número 3510 que non é a primeira vez que ven, do aluguer da carpa para o Mercado do Nadal de importe de 5998,36€ que se utiliza tamén para o Carnaval, e pregúntase senón sería mellor comprar unha carpa, e incluso destinala para que os veciños cando teñan festas poidan levala para que non tiveran que alugala eles, seguro que co que se leva pagado de aluguer xa se tiña comprado unha carpa de ouro, e que se plantexa esa posibilidade que sería boa para todos, para as parroquias e para utilizala o Concello sen ter que estar pagando constantemente estes alquileres.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez co decreto número 203/09 de prórroga do orzamento do exercicio 2009, e pregunta se algún día este Concello aprobará un presuposto antes do 31 de decembro, e que cree que xa fixeron intencións de aprobarlo.

O Sr. Alcalde di que non o fixo nin cando tiña a maioría absoluta e cre que estaba el no goberno.

O Sr. Rivas Alvarez di pode ser, pero que el non tiña responsabilidades de facer o presuposto nin de economía, e pregunta se algunha vez se vai a facer eso.

O Sr. Alcalde respóndelle que algunha vez o van intentar, de feito, di que están reducindo, desde presentalo en xullo ou agosto, o ano pasado cre que o presentaron antes, en novembro como outros anos, que foi en novembro dese mesmo ano, que foron unhas circunstancias excepcionais, o ano pasado cre que o presentou en xullo que era cando máis ou menos se presentaba cando había maioría absoluta, quere dicir que non van a peor, e intentarán dentro de pouco sometelo a votación eiquí.

O Sr. Rivas Alvarez dille que o mellor é que o goberno sexa dos que menos teñen, e seguro que se aproba antes do 31 de decembro.

O Sr. Alcalde respóndelle que todo depende da oposición.

O Sr. Rivas Alvarez pídelo que se traballe.

O Sr. Alcalde dille que efectivamente, e de todo o que faiga a oposición.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez referíndose ao decreto 204/09 por importe de 20.000€ para organización do Campus de Baloncesto, e que donde se aproba esta factura, que é do 18 de decembro de 2009, e pregunta se esta factura é do Campus que xa se fixo no verán ou é do verán pasado.

O Sr. D.Vicente Castro Reigosa di que é do verán de 2009.

O Sr. Rivas Alvarez di que se paga a esta empresa por organizalo 20.000€, e pregunta se os cativos pagan matrícula.

O Sr. Castro Reigosa dille que os de Ribadeo non pagan ningunha.

Pidelle o Sr. Rivas Álvarez que lle diga cantos van de Ribadeo.

O Sr. Castro Reigosa di que llo pode dicir xa, que na temporada pasada foron 33.

Di o Sr.Rivas Alvarez que remata, que as outras preguntas que tiña xa as preguntou o Portavoz do Grupo Popular, e refírese a unha resolución da Alcaldía de 03/2010 que cree que é un erro que foi presentada diante da Policía Local e se menciona Pedro García Rodríguez e despois pasa a ser Pedro Díaz Fernández, ao final, cando resolven se corrixe o nome.

Inicia o turno seguinte como portavoz do Grupo Municipal Socialista, o Sr. López Pérez, e manifesta que pouco lle queda ao seu grupo, xa que os outros grupos fixeron tamén o seu traballo e que intentarán brevemente dar un pequeno repaso aos decretos da Alcaldía.

Por xeneralizar un pouco, di que lles gustaría que en todos estes decretos, que se priorizase un pouco o gasto, e que o equipo de goberno se esforzase no control deste gasto, que Pleno tras Pleno se veñen detectando, non anomalías, pero si certa deixadez nalgún aspecto do control do gasto, e lles gustaría que se fixera un esforzo xa que o gasto é importante, e moitas veces haberá que eliminar gasto e priorizarlo. En concreto, que todos o saben, o de EON a subministradora de enerxía eléctrica, que tódolos meses todos ven as facturas que lles veñen, que son enormes. Manifesta que el tivo a curiosidade e a paciencia de miralas e encontrouse con que hai unha factura que di que é en concepto de subministro de enerxía eléctrica na nave da Lodeira en Vilaselán, de importe 102€, e que esta mesma factura en concreto se repite a continuación de 138€ da mesma data e co mesmo contador de enerxía, e pregunta se é un erro.

O Sr. Alcalde di que él agora mesmo non llo pode contestar, que non sabe se os servizos técnicos poderán informalo, que el no seu domicilio particular, con este cambio de operadoras de electricidade, si que está recibindo, a veces, facturas das mesmas datas con cifras diferentes, que non sabe se responde a algo diso.

A Sra. Interventora di que esta en concreto, habería que mirarla, pero que na maioría destes casos son da facturación que fixo a propia empresa debido a que os datos non concordaban cos que lle pasou Begasa e que sobre todo está pasando en instalacións máis que no alumado público.

O Sr. Alcalde di que primeiro mandan unha factura estimativa, e que logo miran a diferenza e liquidan.

O Sr. López Pérez di que sobre todo o di porque todos saben que o gasto en enerxía é unha cousa terrible.

Prosegue o Sr. López Pérez tamén falando da “publicidade e propaganda” e gustaríalles que se priorizara o gasto, que se aforrase un pouco porque se atoparon con tres facturas de pago por publicidade e propaganda a un medio de comunicación, que como xa faláron os compañeiros, publicidade é o mercado da horta, sobre as escolas deportivas, sobre o mercado do Nadal, e dicir, que é un goteo constante de cartos, que lles gustaría que se poidera aforrar algo en todo isto que se chama publicidade.

O Sr. Castro Reigosa di que no tema de “publicidade e propaganda” cando se imprime un tríptico ou un díptico, iso tamén figura como publicidade e propaganda, e é inevitable editalo, e é practicamente unha das maiores facturas que hai normalmente cando se emite trípticos e dípticos, que son obrigatorios, e o mesmo tempo cando lles pide documentación dunha subvención esíxenlles que se dea publicidade ao patrocinio, e para ter un patrocinio, teñen que ter ou o cartel ou o tríptico ou o díptico, para xustificar a subvención.

O Sr. López Pérez di que isto é un medio lido.

O Sr. Alcalde di que os medios lidos tantos nunhos como os outros que teñen aquí nesta comarca, hai unha serie de anuncios de obrigada inscrición de expedientes de actividades que hai que publicitar e despois hai que pagar, aínda que loxicamente unha parte dese pago retorna porque o propio interesado ten que abonar posteriormente.

O Sr. López Pérez di que ó que se refería era o mercado da horta, das escolas deportivas, do mercado do nadal, non do caso que lle está dicindo, pero insiste en que miren se se pode aforrar algún carto.

Prosegue preguntando polo Decreto número 3436 que non sabe se será un error porque lle parece moi pouco, que dice “viaxe a Madrid para a manifestación dos gandeiros” e quería saber que viaxe é este e o importe 122€ lle parece.

O Sr. Alcalde aclara que é a unha empresa de transporte, explica que aos diferentes concellos da comarca, os sindicatos lles pediron a colaboración, e acordaron en que a empresa lle prorratase esa factura e que lles pasase unha parte a cada concello.

Pregunta o Sr. López Pérez se foi a última que houbo.

O Sr. Alcalde resposta que houbo varias, a lo menos dúas.

Prosegue o Sr. López Pérez con algo que xa comentou , ou ben o Sr. Rivas ou o Sr. Andina, da ximnasia e mantemento nas parroquias. Di que estivo mirando nunha das facturas que pasa esta empresa, que se imaxina que coa factura haberá un contrato, unha serie de parroquias, un número de horas, etc, pero por iso lle insistía en maximizar o esforzo en controlar o gasto porque se encontra con que nestas facturas se produce un endoso pero e que o endoso é ao Concello de Riotorto, e pregunta se é un error, porque dice: “El crédito representado neste documento Concello de Riotorto ... ha sido reconocido de forma irrevocable...” e se imaxina que foi un erro.

O Sr. Alcalde manifesta que en todo caso a culpa será do banco, do que fai o endoso, que propón o endoso ese.

O Sr. López Pérez di que desde o Concello o tema de papeleo se debería de controlar un pouco.

A Sra. Iglesias Prego di que e un error, que a documentación que entra non se pode destruír, que non pode separarlá da factura, só se pode comunicar a empresa que presentou ese papel por error, pero non o pode destruír.

Prosegue co decreto que xa mencionou o Sr. Andina, de recoñecemento extraxudicial, o 2205/09, que estivo mirando as facturas, que hai algunhas da súa época e doutras épocas, e chámalle a atención un xantar que hai entre elas, que di “xantar do equipo de goberno co Vicepresidente da Xunta e o chofer” e pregunta cal foi o motivo desde xantar.

O Sr. Alcalde di que foi a visita para a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Xunta de Galicia e mais o Bispado de Mondoñedo - Ferrol, co seu bispo, para a cesión por parte do bispado da Rectoral de Ove á Xunta de Galicia para ser convertida nunha residencia, nun centro de día para enfermos de Alzheimer, entón despois o equipo que viña co vicepresidente a parte do chofer e demais xente si foron, o Alcalde convidounos, parecíalle un día moi importante para Ribadeo.

O Sr. López Pérez pregunta se llo pareceu porque ía o bispo.

O Sr. Alcalde di que non, que o bispo dixo que se marchaba.

O Sr. López Pérez di que por iso lle chama a atención, non polo importe nin moito menos, senón polos comensales, que eran trece.

O Sr. Alcalde explica que era o equipo da Vicepresidencia que veu naquel momento, cre que do Concello eran tres ou catro persoas.

O Sr. López Pérez di que non ten máis preguntas.

2010/04/14.-APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZA MUNICIPAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de 11 de marzo de 2010, que se transcribe de seguido:

“Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que manifesta que esta aprobada inicialmente dende hai tempo unha Ordenanza que desenvolve a lexislación autonómica e xa se plantexou hai como tres anos e que bebe da fonte vixente e que trata de regular e moderar unha serie de aspectos, de cara ao ruído, no termo municipal de Ribadeo, e qe foi aprobada inicialmente houbo unhas alegacións e que teñen informe técnico e de Secretaría e que fai aproximadamente un ano o someteu a unha Comisión Informativa e daquela todos lle dixeron que necesitaban un pouco mais de tempo para estudialo e optou por prudencia por retirala da Orde do día e que á vista da situación que cre que non é de todo correcta e que cre que é boa cousa aprobar definitivamente a Ordenanza, e que non lle cambiaron unha sola coma.

Intervén en primeiro lugar o Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista que manifesta que leron a documentación e teñen mais ou menos decidida a súa postura pero que se reservan na Comisión Inforativa e xa se manifestarán no Pleno, contabilizándose polo tanto como abstención.

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que tamén o estivo estudiando e que quere facer unha pregunta de se van a poder presentarse alegacións á aprobación definitiva.

Por Secretaría contéstase negativamente, agás que se faga unha nova exposición, explicándose ao Sr.Concelleiro que xa houbo a exposición ao público.

A Sra.Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal Popular manifesta que teñen un par de dúbidas e a primeira é que no caso da zona vella que zona prevalece, donde existen bares e restaurantes,e fai mención á existencia de diferentes zonas de protección acústica, mentres non haxa Plan, e pregunta se a Ordenanza entra en vigor inmediatamente cando se aproba.

Por Secretaría se sinala que para as novas entra en vigor na súa totalidade inmediatamente e para as existentes hai un período de adaptación de 6 meses.

Toda vez que se repregunta pola Sra.Concelleira por Secretaría se sinala que a Ordenanza ten moitos aspectos e o que se refire é somentes a un deles, sinalándose que terá que irse aos casos concretos da propia aplicación da Ordenanza, e terá que verse cal é o uso predominante na zona, tipos de usos, etc.

A Sra.Sanjurjo Santar manifesta que se van a reservar para o Pleno.

O Sr. Alcalde manifesta que o Grupo municipal do BNG vai votar a favor da aprobación definitiva da Ordenanza.

De seguido por dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG) e catro abstencións (dos membros presentes dos Grupos municipais PSOE, PP e UPRI), acorda:

1º. A desestimación das alegacións formuladas segundo os informes emitidos obrantes no expediente e que se incorporan como motivación do acto de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º. Aprobar definitivamente o texto da Ordenanza epigrafiada, segundo os informes anteriormente citados e a publicación da mesma para a súa vixencia no BOP.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Inicia o turno de intervencións o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI, dicindo que este Concello contou por primeira vez cunha ordenanza municipal de medio ambiente no ano 2001, que se aprobou e contaba cunha ordenanza para medicións de ruidos, ademais dun sonógrafo que cre que máis ou menos vai dando os seus resultados, e hoxe traese unha aprobación definitiva dunha ordenanza que foi aprobada inicialmente en xullo de 2006, cinco anos despois da anterior, fíxose un borrador dunha nova ordenanza, houbo exposición pública e hoxe traese a aprobación definitiva.

Prosegue sinalando que situados neste contexto en marzo de 2010, catro anos despois, séguese con esa aprobación inicial donde se puideron facer alegacións, viu que se presentaron alegacións que foron informadas tanto pola Secretaría como por unha empresa externa, Novotec. Que ao seu grupo dende o seu punto de vista, parécelles que esta ordenanza é ex-temporanea, que ven agora fora de tempo, tendo en conta os tempos que se están a atravesar, sobre todo por aquelas obrigas que se van impoñer a tódolos establecementos hosteleros e tendo en conta tamén que hai que conxugar a vida familiar, das familias, o conciliar o que é poder descansar coa movida, que sempre foi un tema difícil.

Manifesta tamén que o seu grupo pensa que con todo eso non é o momento para aprobar esta ordenanza definitivamente, ademais pensan que se debe de contemplar no Plan Xeral as zonas de especial sensibilidade acústica, e en función diso, publicar unha ordenanza para que todo concordase, e dicir, que vaian por unha parte as zonas de especial sensibilidade acústica con outras que non o son tanto, un mapa acústico do Concello, e en función diso, regular o que sería a Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica.

Por último engade que o seu grupo non vai a manifestar o seu voto, que non é o momento e a situación económica non está para obrigar tanto aos profesionais da hostelería como a tódalas persoas que traballan nestes locais a temas, como di por exemplo, o artigo 14 de obrigas que lles farían a estes hosteleros facer cumprir, ademais é unha obriga transitoria, nun prazo de seis meses terían que adaptarse e cre que non están os tempos para facer gastar diñeiro aos profesionais da hostelería, cre que non é o momento.

E dito isto o seu grupo non ten nada máis que dicir; rematando a súa primeira intervención o Sr.Rivas Alvarez.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que o seu grupo vai usar samente o primeiro turno, porque van a fixar a súa postura dende o primeiro momento, e van a votar que non a esta aprobación definitiva desta ordenanza , e lle van a dicir porqué, ademais.

Manifesta o Sr.Pérez Vacas que cren que, como xa dixo o compañeiro, o Sr. Rivas, que está fora de lugar, non lle parece de recibo que desde que pasaron catro anos de que este que está a falar cos seus compañeiros e a base de moito esforzo e moito diálogo sobre todo coas persoas afectadas, co sector afectado, cos empresarios da hostelería e cos veciños, sendo el (referíndose ao Sr. Alcalde actual) parte do goberno anterior, que non recorda siquera que estivera na primeira reunión, para que agora colla esta normativa aprobada inicialmente, e a traiga para a súa aprobación definitiva sen sequera ter a posibilidade o sector afectado de dicir algo, que en catro anos cambiou moito e dunha forma moi negativa para o sector e para a vida, e sobre todo tendo en conta, como el moi ben sabe que dende o 12 de xaneiro dúas persoas e unha, o seu compañeiro Ramón e outra o que está a falar, están imputados por prevaricación en vía penal por defender os intereses dos veciños e dos empresarios.

Manifesta o Sr.Pérez Vacas que están á espera de coñecer unha sentenza que podería significar a súa inhabilitación para o cargo público, entón parecerelles que algo se está barruntando, con traer hoxe despois de catro anos a aprobación definitiva desa norma que leva catro anos aprobada inicialmente; que non houbo reunión co sector, que non houbo ningunha negociación nin coa oposición nin con ninguén, e colleu o que estaba feito e o trae aquí para que se aprobe, pensando que se vai aprobar definitivamente, e él xa lle di que os votos do partido socialista non van estar nesa aprobación, aínda que estiveron na aprobación inicial, pero algo se lle debeu pegar do BNG de votar primeiro que si, e despois que non, e neste caso van a poder utilizalo.

Di tamén o Sr.Pérez Vacas, que cre que sería moi importante que se abrira, antes de aprobar definitivamente esta ordenanza, un novo período de conversacións co sector afectado, que leva catro anos desde a súa aprobación inicial a Ordenanza, e non viron movemento ningún por parte deste goberno. Que cren que están nunha época de crise, e vai a significar un desembolso, queirase ou non, xa daquela era importante, xa que todo o sector en base as negociacións que se levaron a cabo con eles, fixeron as inversións que o propio Concello lles pediu, como foi a instalación de dobre porta, aire acondicionado, saídas ó exterior, etc, e houbo un desembolso importante no ano 2006, moi importante e agora habería que reforzar en época de crise e facer ese desembolso outra vez importante.

Manifesta tamén o Sr.Pérez Vacas que cren que poido contar co seu grupo, e así é que debe abrir un novo período de conversacións co sector, chegar os mesmos acordos que chegou o que está falando con eles e incluso melloralos se é posible, e aí estará o seu grupo, pero de momento e hoxe, o seu voto e que non.

Producéanse no Salón de Sesiões unha serie de aplausos do público asistente e a continuación o Sr. Alcalde manifesta que antes de darlle paso ao portavoz do partido popular, agradécelle ao público, que aínda que as sesións son públicas e ogallá tódolos días que haxa Pleno haxa tanta xente como agora, pero agradecelles que se absteñan de facer comentarios a favor ou en contra.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que o seu grupo tamén vai a manifestar a súa postura neste primeiro turno, non vai esperar máis turnos para dicir o que lles parece que debe facer, e vanlo facer neste primeiro turno.

En primeiro lugar di que están dacordo en que debe haber unha ordenanza municipal sobre este asunto, pero dicir isto tampouco e dicir unha cousa do outro xoves.

En segundo lugar, di que non van a facer demagogia con este asunto, e dicir, non van a dorarlle as orellas a ninguén nin protexer a unhos nin a outros, nin os de máis alá, senón simplemente procurar expoñer unhos puntos de vista que lles parecen aboslutamente obxetivos e obxetivables, e basándose neles, aportar o seu punto de vista.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina dicindo que, como aspecto primeiro que lles extrana moitísimo a premura para traer isto hoxe aquí, é certo que o ano pasado, nunha comisión falouse deste tema e pediuse que deran un tempo para volver a estudalo pero tamén é certo que quedou durmido ahí e que ninguén se volveu a preocupar, e que se quedou profundamente sorprendido cando o Sr. Alcalde este martes pasado, que falaron e lle dixo “vai a ordenanza para xoves”. E preguntouse porqué do martes para o xoves, cando se anda agora as carreiras despois de levar como dicía o portavoz do grupo socialista desde o ano 2006 enriba da mesa.

O segundo aspecto é que o seu Grupo cre que a ordenanza que si cren que é necesaria, pero non debe ser en ningún caso distinta nin máis restrictiva ca propia regulación autonómica, senón complementaria, e dicir, non entenden porque en Ribadeo hai que facer unha protección superior a que determina a Xunta de Galicia para o conxuntos das vilas de toda Galicia, non sabe porque hai que

Explica que con ser complementarios estase a referir a que na propia norma da Comunidade Autónoma determinanse distintas zonas de protección de contaminación acústica, pero de forma xenérica, porque son cascos históricos, zonas de bares, restaurantes e tendas, e ahí é donde debe complementar o Concello, estudando e analizando, e vendo e dicindo cales son as zonas que corresponden a un nivel de protección e cales son as que corresponden a outro nivel.

Prosegue dicindo o Sr. Rodríguez Andina que parece ser que esas zonas teñen que ir determinadas no PXOM, e como todos saben, o PXOM lamentablemente a día de hoxe non está aprobado e polo tanto, a día de hoxe, esas zonas non existen en ningún plan de ordenación municipal, pero claro, isto anterior o que provoca e que a aplicación da ordenanza a lo menos en canto a niveles de contaminación acústica da zona, non vai a ser posible aplicala, porque como non hai as zonas determinadas, cando a ordenanza diga “en casco histórico, entre 50 e 60” (explica que di números calquera), e noutro apartado di “na zona donde corresponda a bares, restaurantes e comercios entre 65 e 70”, e pregunta cales son aquí en Ribadeo unhas e outras. Porque resulta que hai ambientes cruzados nun lado e noutro que terán que ser tratados da mesma maneira.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que se trata da aprobación dunha norma inaplicable, e esta vai a ser inaplicable, aprobándola tal e como está, é unha perda de tempo. Di que el tiña un compañeiro de instituto que dicía que “que van a aprobar unha lei para non aplicala”, e realmente é un disparate, porque para que? Para ter un papel simplemente encima dunha mesa non merece a pena, ou metido nun caixón.

Por todo o anterior o seu grupo propón que quede sobre a mesa este asunto e entre tanto propón dúas medidas a estudar por tódolos grupos:

- Primeiro: Analizar as clasificacións das distintas zonas do casco urbán aos efectos de control de contaminación acústica e incluírlas no PXOM actualmente en redacción.
- Segundo: Que se produza unha nova lectura da ordenanza para axustala debidamente a normativa autonómica.

Di que se o resto dos grupos ou a Corporación voluntariamente acepta isto, moi ben, e senón en calquera caso, o seu grupo non vai aprobar esta ordenanza de forma definitiva.

O Sr. Alcalde di que eles, desde o grupo municipal de goberno e desde o BNG donde están, non crearon esta ordenanza, que non foron eles os que no seu momento a pensaron, a área de aquela de medio ambiente e na alcaldía estaba outra persoa, e que desde logo “vivir para ver”, cando se aprobou inicialmente cos votos do PSOE e tamén do BNG e agora resulta, tempo despois, que o seu grupo quere propoñer a súa aprobación definitiva, entende que UPRI non formaba parte do goberno porque non estaba, pero o PP estaba, e costalle que agora diga isto cando non alegou absolutamente nada na aprobación inicial, e iso xa cadra todo un círculo, que quen a propuxo agora dice que se desentende, e dice que iso tamén é “vivir para ver”. E iso desde logo chámalle moito a atención do que é a oportunidade política, non é unha cuestión técnica nin é o interese dos veciños afectados, é unha cuestión de oportunidade, de evidenciar a minoría do grupo de goberno e de deixalo en evidencia, non é outra cousa, é democrático e está ben, pero moi ético desde logo non é.

O Sr. Alcalde prosegue manifestando que a Ordenanza aprobouse inicialmente no ano 2006, expúxose ao público, e lle chama a atención tamén porque daquela o Alcalde anterior como é notorio e público, que algunha discrepancia levan tido nos últimos tempos, lle enviou daquela antes da aprobación inicial unha carta non as dúas partes, porque non eran dúas partes, pero si as partes que podían ser máis reticentes a esta ordenanza, a parte de que quería a toda costa unha ordenanza moi dura, e a que non quería nada.

Asimesmo sinala o Sr. Alcalde que aparte estábanse focalizando nunha parte da ordenanza e a ordenanza é moi longa, contempla ruído doutro tipo de actividades, de obras, de tráfico, etc, logo ten unha parte específica que parece ser que é o que o resto dos grupos están agora debatindo, desta parte concreta dun todo máis grande. Daquela o Alcalde anterior lle enviara unha carta a unha coñecida asociación veciñal que impulsaba moito a cuestión do ruído argumentando que se ía proceder a aprobación inicial dunha ordenanza, desta ordenanza, e que polo tanto se convidaba a que poidera facer as alegacións que estimase pertinentes. Nesa mesma data tamén se fixo unha carta o presidente de ACISA, da Asociación de Comerciantes Industriais e Autonómicos de Ribadeo, entende que estaba representando

tamén a outra parte por así decilo do sector. Curiosamente durante a aprobación inicial, a parte que representaría a este colectivo dos empresarios de locais con música non se presentou ningunha reclamación, soamente houbo dúas, unha dunha asociación e outra dun particular no sentido de que lle parecía entre outras cousas que había que acotar algo máis e que habería que modificar algunhas cousas para axustalas un pouco máis aos dereitos a convivir e ós ruidos, a non ter que soportar ruidos, etc.

Asimesmo por parte do Sr.Alcalde se explica que chámalle moito a atención que o sector, durante o mes que estivo en exposición pública, non fixera nin a máis mínima alegación, chámalle a atención que daquela o grupo municipal UPRI non existía, pero o grupo municipal popular si existía e non fixo nin a máis mínima alegación.

Por parte do Sr.Alcalde en relación a sí mesmo, manifesta que “él inxenuo del mesmo” porqué disto que quizais eles levan máis tempo en política ca el, en política institucional e el non, pensa que nos políticos existe a coherencia, e que o que se dixo nalgún tempo se pode volver a dicir tempo despois, e xa sabe que rectificar é de sabios claro que si, pero que unha alegación que se expón ó público e calquera ordenanza ten un montón de alegacións, e unha ordenanza que se expón ó público ten dúas no mesmo sentido máis ou menos, chama poderosamente a atención.

Tamén fai referencia o Sr.Alcalde a que cando o que se trata é de establecer unha ordenanza que bebe de outras moitas, que bebe dun decreto autonómico do 2002 sobre que ese decreto está como está o de Ribadeo, como proposta o moito peor noutros concellos, como o da Coruña donde se tratou esta ordenanza que está vixente, en Vigo, ou aquí na Mariña en Burela, en Foz, en Foz incluso e máis dura que a de aquí, en Foz incluso daquela que se aprobou inicialmente decidiuse aquí non meter a condición do número mínimo de metros cadrados para que non puidesen quedar fora de ordenación unha serie de actividades, cousa que en Foz por exemplo si está contemplado, pero que en todo caso cada concello é autónomo sempre que non vaia contra a lei para adaptar o seu reglamento ás necesidades, pero aquí incluso daquela no 2006 se foi cuidadoso niso, polo tanto, á vista de que as alegacións que se presentaron estaban informadas pola consultora Novotec e pola Secretaría municipal básicamente se desestimaba o groso delas en todo caso, se aceptaron unha serie de cuestións, de matiz practicamente, na redacción máis que noutra cousa, pero a groso modo se estimaba o resto, non houbo ningunha apelación, ningunha chamada ó diálogo, polo menos que conste por escrito, non sabe se o alcalde anterior o tiña, pero a el non llo dixo, cre que nos concellos as cousas deben de quedar escritas que non as debe levar o vento pero ademais Ribadeo a diferenza da Coruña, de Burela e de Foz e de tantos concellos que poidan ter ordenanzas vixentes como esta, quere recordar que está condeado desde hai varios anos, de maneira sistemática e indefinida, a pagar unha indemnización mensual a un particular por non resolver a cuestión do ruído, Ribadeo é a diferenza de outros concellos un concello donde ten o punto de mira fixado a nivel xudicial para este tipo de cousas, o cal facía moi oportuno facer unha ordenanza que regulara todo isto, non para ir contra ninguén, senón para lograr ou intentar lograr unha certa harmonía entre a xente que vive de iso e a que non vive de iso e quere vivir tranquilamente.

Tamén por parte do Sr. Alcalde se dí que él sabe que cando se forma un goberno, e cando se goberna, hai que tomar decisións que a veces por oportunidade ou por demagogia non son as máis oportunas efectivamente, non sabe se el fora oposición se se podería sumar a isto, pero entende que aínda con erros que todos os teñen, cre que todos deben de ser coherentes co que fan, entón estráñalle as actitudes dalgunhas persoas aquí nesta mesa pero en todo caso, son lexítimas e tampouco por isto van a facer sangue.

O Sr. Rivas Alvarez comeza o segundo turno dicindo que hai unha proposta enriba da mesa e que haberá que votar, en todo caso, a consecuencia do seu voto vai a ser o mesmo, entón as consecuencias se non se aproba van a xenerar as mesmas, e dicir, queda sobre a mesa para unha aprobación posterior, e cre que se coinciden no de incluílas no Plan Xeral as zonas de sensibilidade acústica e catalogar, que cre que é fundamental para facer unha ordenanza, eso sería facelo agora, intentar aprobar unha ordenanza que na realidade tería moitos problemas para podela aplicala, e ordenanzas aprobadas e que non se cumpren, que podían empezarse por cumprir as que hai, e entón poderían empezar a falar de aprobar outras novas, pero en calquera caso estan no caso dunha ordenanza que é importante non deixar este tema de poñerlo sobre a mesa e tratar de conxugar os intereses de todos, dos veciños e dos hosteleiros, para que se aprobe unha ordenanza consensuada a ser posible, que vai a ser moi difícil, e que de todas formas, parécelles que dixo que non houbera ningunha alegación por parte dos empresarios, non sabe se se lle enviou algunha carta ó Presidente dos empresarios unha comunicación disto.

O Sr. Alcalde respóstalle que no tempo de aprobación inicial, que é cando se fan as alegacións, si que se lle mandou.

O Sr. Rivas di que vale, que era por saber se o Presidente dos empresarios fixera algunha alegación en todo caso.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Alvarez, que ao seu Grupo parécelle que respecto o de que o Concello está pagando unha indemnización mensual, que tamén se está pagando, e págase puntualmente, ó gabinete de prensa mensualmente, e cónstalle que se paga puntualmente que cre que se podía facer un esforzo para que sexa o mínimo tempo posible e que tampouco pasa nada.

Dí asimesmo o Sr. Rivas Alvarez que o seu grupo tal e como está esta ordenanza non vai a apoiala, e que en todo caso as consecuencias van a ser as mesmas se se aproba a proposta que fixo o partido popular, van quedar sobre a mesa, e sobre todo van a quedar para que se estuden, polo tanto xa saben as opcións que lle quedan.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE, manifesta que contesta por alusións unicamente porque xa dixo o que van a votar, pero gustaríalle deixarlle claro ó Alcalde unha cousa que a lo mellor é produto como moi ben dixo da súa xuventude, leccións de ética por parte do BNG ao PSOE ningunha, porque lle vai a recordar que el tamén foi moi sabio rectificando varios dos acordos que se adoptaron no Pleno e quere recordarlle que entre eles foi a aprobación do convenio do tódolos funcionarios e de tódolos laborais que primeiro votou co goberno lexítimo que había e despois como era moi sabio rectificou, e votou en contra e así lle foi, non soamente con eles na sentenza, senón apoiando a outro grupo para retirarlle o salario a quen lle está falando, son dúas actuacións moi coherentes e moi éticas por parte do Sr. Alcalde, e non di nada máis.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que vai a falar por falta por alusións a él, do que el dixo ten que dicir que está encantado, porque a el do que el dixo non lle rebatiu nada, o cal debe querer dicir que debería ser bastante sensato, entón di que o seu grupo mantén o que dixo, manteñen a súa oferta e só non por facer sangue e que xa o fixo moitas veces neste Pleno, que eles son un goberno municipal con catro concelleiros e non se poden lanzar a piscina de vez en cando porque as veces vai a resultar que non ten auga a piscina, e vanse lastimar, cando nun tema non sabe se o resto dos grupos o van apoiar ou non, que faigan un esforzo de diálogo, primeiro falen e despois xa verán, e midan, e senón, xa non é a primeira vez que lles pasa, e non e a primeira vez que lles dice que a maioría son sete e eles teñen catro, pero ben, en calquera caso, o seu grupo séguese mantendo que lles parece a mellor solución, que non hai porque tirar ao cesto dos papeis esta ordenanza porque non toda está mal, pero pide que se reestude, que vaian avanzando no Plan Xeral, que analizen a distribución das zonas no Plan Xeral, que a incorporen aquí, e vexan cales son os criterios restrictivos que están levantando ampollas e cheguen a unha resolución. O Seu grupo seguen plantexando que lles parece a mellor solución, pero que hai que ver o que o resto dos grupos teñen que dicir.

O Sr. Alcalde, pola súa parte, di que quere manifestar unha última cuestión, que pode darse a opción de que eles se tiraron a piscina e que pode ser, pero que igual non, resulta que eles igual confiaron nunha cousa a Corporación a que hai máis dun ano lle trouxeron isto a unha comisión informativa, que como todos saben, son aqueles órganos previos ó Pleno donde se debaten todos os asuntos que van ir ó Pleno, que hai un ano que o presentaron aquí, e o que se lles dixo por parte de tódolos grupos, que aínda estivo lendo onte a acta desa comisión informativa, na que ben, que había que ter máis tempo, porque efectivamente estaba ben, pero que había que ter máis tempo.

Continúa dicindo que cre que tiveron tempo dabondo como máis dun ano, que unha acta de xaneiro de 2009, e dicir, hai un ano e dous meses, e que durante este tempo ningún grupo lle dixo está boca e miña, nin lle dixo nada, e el non é un pastor de ovellas que ten que estar detrás de cada concelleiro preguntando se miraron a ordenanza e que lle parece. Asimesmo xa que lles reprochan tantas cousas, e xa que tanto traballo fai a oposición, que lle parece que o fai, a veces ben e a veces non tan ben, igual que o goberno, a veces ben e a veces non tan ben, ben podían dicir que se aquí non era mellor tal cousa, que ningún di nada.

Sinala asimesmo que na comisión informativa da semana pasada, do xoves pasado, como cada comisión informativa que se traen os asuntos para debater previos ó Pleno, ningún concelleiro de ningún grupo dixo absolutamente nada, porque se podía dicir algo, pero ninguén dixo nada, todo o mundo dixo que reserva o seu voto para o Pleno, cousa que é moi lexítima, que eles cando eran oposición tamén moitas veces o facían, pero o que xa non é tan ético pero si legal e non dicir nada nun ano, non dicir nada a semana pasada e hoxe chegar aquí e montar un “pifostio”, e que está moi ben, que é lexítimo, pero teñen que entender que ten moito de político, e moito de estratexia política e non tanto de ánimo de resolver estes problemas, porque se houbera ánimo de resolverlos se pode falar, e el dende logo pode ter moitos erros, pero non se caracteriza por non falar, e pode falar con todo o mundo que queira falar con el, e pode reunirse con todo o mundo que queira reunirse con el, se se respetan os procedementos e as formas, claro que si pero a asociación de comerciantes non se dirixiu a el en tres anos escasos que leva como Alcalde de Ribadeo, e no expediente non hai ningunha alegación da asociación de comerciantes, ningún grupo, antes do goberno e agora da oposición manifestou a máis mínima coma ou falta de entender algunha cuestión desta ordenanza.

Asimesmo sinala o Sr. Alcalde que enton que se precipite todo para traelo ó Pleno e que agora queiran quedar de bos e dicir grazas a un, que non pasa nada, pero que se o problema é que quizais sigan sen un marco normativo, pero que senón se aproba isto, segue habendo un decreto autónomico, e si efectivamente, pero que ese decreto autónomico ten moitas lagoas, porque é un decreto, non está especificado para un concello, entón moitas cuestións de réxime de control quedan prescritas e non poden chegar a nada, e non ocorre nada, pero igual pode ocorrer, igual lle pode caer ó Concello unha sentenza máis importante todavía, e como quen goberna as veces ten a responsabilidade do Concello, que quizais senón gobernara podía estar un pouco na retaguardia e tirando pedras e escondendo mans, pero que eles lamentablemente para disgusto de algunhos e agrado de outros, tocoulles gobernar durante unha etapa neste concello e intentaronlo facer desde logo co mellor ánimo, e el a disgusto de algúns non se caracteriza por ser demasiado belixerante cunha actividade económica importante para Ribadeo, pero tamén entende que isto non pode ser unha anarquía se non teñen graves problemas. Di que este foi o sentimento que trouxeron para aprobar esta moción, que non sabe si quizais a fixeron dende cero eles, se podería facer doutra maneira pero insiste en que o motivo de traela alí foi que nunca, nin o que agora está na oposición e antes gobernaba, nunca manifestou a máis absoluta discrepancia nin os que estaban na oposición e seguen agora manifestaron no seu momento a máis mínima discrepancia.

O Sr. Rodríguez Andina di que en primeiro lugar, botarlles en cara que non se acordaron nada da ordenanza durante un ano, que tampouco se acordou el, xa que ata o martes pasado non se acordou tampouco da ordenanza.

O Sr. Alcalde di que eles pedíronlle tempo e déullelo, que lles deu máis dun ano.

O Sr. Rodríguez Andina prosegue dicindo que ata que ao Alcalde se lle ocorreu e dixo que aquí se acababa o tempo, e isa é a súa elección.

En segundo lugar, di o Sr. Rodríguez Andina que todos poden ser moi bos e seguro que o son todos, unhos máis que outros todavía, pero que aquí a estratexia política tena todo o mundo, e o Alcalde ao traela aquí, tamén. El sabe cal é a del, pero que non acuse ós demais de non facer as cousas que hai que facer, non ten porque ser necesariamente, e que xa lle dixo desde o primeiro momento que ía escapar de calquera plantexamento demagóxico, e di que se fixe se escapou, que dixolles el que hai unha regulación, que é o decreto autonómico, pero que presenta lagoas que hai que rellenar, e que iso e o que eles dicen, e como hai que rellenalas dunha forma determinada e iso non se pode facer agora, ahí é donde eles “pincharon”, e ata lle da a razón.

O Sr. Alcalde di que iso díno agora, pero que na aprobación inicial non o dixeron nas alegacións, na reunión de hai un ano non abriron a boca e na da semana pasada tampouco.

O Sr. Rodríguez Andina dille que “si si si” e que lle deixe acabar. Di asimesmo que eles son o único grupo, e que está na acta da comisión, que se pode ler, donde de forma reiterada a súa compañeira preguntou e non sabe se lle entendeu o que quería preguntar, que era precisamente como se regulaban esas zonas, como se regulaban os niveles de contaminación acústica en función das zonas e en función da protección que levaba e que tiña que pasar para que iso surtira efecto. Que iso preguntouno o seu grupo, que igual os outros non preguntaron nada, pero que o seu grupo si.

Por último dille o Sr. Rodríguez Andina ao Sr. Alcalde que igual se non se fai, pode reacer outra sentenza e que é peor, pero que o que non pode ser nunca e gobernar con medo, que tamén pode pasar, pero pensar que “non vaia ser que os condenen”, que se van a andar pensando que os van a condenar, que el se esté tranquilo, que xa varias veces os intentaron condenar, e aínda non o lograron, asíque non lle vai a pasar nada.

O Sr. Alcalde di que xa o verán.

Preguntado pola Alcaldía, sobre o procedemento a seguir, o Sr. Secretario di que entende que procedimentalmente debe votare o ditame da comisión a favor ou en contra.

O Sr. Rodríguez Andina di que con esta proposta non se pode plantexar.

O Sr. Secretario di que a proposta é en principio o que se ten que votar que é o que se ditaminou na comisión, non algo diferente, e non hai ningún mecanismo que se utilizase ata este momento para plantexar algo distinto, en principio, procede ou retírala ou que o Alcalde se quere decida que non pasa a votación a cuestión, e retírala da sesión, ou votar o ditame da comisión, e que non hai máis opcións.

O Sr. Alcalde di que como se trata de quen é o máis listo e o máis guapo de todos e se aproveita a oportunidade para intentar sacar un ánimo político diferente, el non sabe se quere que se faiga un receso.

O Sr. Cupeiro Rodríguez manifesta que cre que é conveniente.

O Sr. Alcalde di que se fai un receso de cinco minutos.

Interrúmpese a sesión durante aproximadamente 8 minutos, retirándose varios membros da Corporación, fora do salón de sesións para deliberar.

Rentegrados os Sres. Concelleiros, transcurrido o período de suspensión da sesión, o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo ten algo que comentar, e dí, pola súa parte, que antes de pechar o turno de intervencións, e antes de sometela a votación xa que todos manifestaron o seu sentido, que o deles é evidente, xa que o trouxeron aquí desde o primeiro momento. Di que isto é obvio, que é unha cuestión matemática, que son trece, nove din que votan en contra e catro poden facer o que queiran pero non vai saír, poden votar a favor, absterse ou votar en contra, pero non vai a saír, esta ordenanza está claro que non sae. Di que eles non teñen ningún prexucio contra ningúnen, pero intentan na medida do posible ter coherencia e polo tanto eles sabendo que non vai saír, pero no marco da boa fe, quere que quede claro, que trataron isto desde o primeiro momento, den hai máis dun ano, no marco da boa fe con que se reuniron a semana pasada, intentaron e creronlo e senón é así non pasa nada, pero eles van a manter o criterio de votar a favor, aínda que saben que van a perder, asíque polo tanto someteno a votación.

Sometido a votación o ditame da Comisión, obtén 4 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e nove en contra (dos membros dos Grupos Municipais do PP, PSOE e UPRI), non aprobándose, en consecuencia, a Ordenanza de referencia.

Repítense neste momento os aplausos do público no Salón de Sesións.

2010/05/15.- ADOPCIÓN DE ACORDO DE INVESTIGACIÓN E RECUPERACIÓN DE CAMIÑO DE CAPELA DO BO XESÚS A VILAVELLA.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta por parte do Sr. Alcalde de que o procedemento se inicia por un escrito do Presidente da Asociación de Montes veciñais en man común de Ove, e se fai referencia á existencia de informes da Policía e do arquitecto municipal, e polo tanto e para que se inicie un procedemento de oficio de investigación e recuperación, que determinará o que proceda.

Sen promoverse deliberación, por unanimidade en votación ordinaria, á vista da denuncia formulada por don Gonzalo García Marcos, en representación da Asociación de Montes veciñais en Man común de Ove, en relación a que:

1. Se proceda a abrir o camiño público existente entre a Capela do Bon Xesus en Ove e a Vilavella na N-642 (Ribadeo-Vegadeo) xusto á altura d camiño que da acceso á vivenda de don Víctor Navarro e que está pechado cun muro de peche.

2. Se proceda á apertura xa que está pechado con valado de obra plástica e a súa limpeza do camiño público que transcorre dende a Capela do Bon Xesús ata a curva da Vilavella.

Acórdase:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade e, no seu caso, recuperación dos bens indicados na denuncia formulada por don Gonzalo Garcia Marcos, e que que presuntamente pertencen á Corporación Local como bens de uso ou servicio público, bens de dominio público.

SEGUNDO. Publicar o Acordo no *Boletín Oficial da Provincia*, e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días. O prazo de alegacións será dun mes, contado dende o día seguinte ao que deba darse por rematada a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO. Abrir o período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se consideren oportunos, unha vez que remate o período de alegacións; notificándose aos afectados para que poidan presentar as probas que crean convenientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sometida a votación, acórdase, por unanimidade, en votación ordinaria:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade e, no seu caso, recuperación dos bens indicados na denuncia formulada por don Gonzalo Garcia Marcos, e que que presuntamente pertencen á Corporación Local como bens de uso ou servicio público, bens de dominio público.

SEGUNDO. Publicar o Acordo no *Boletín Oficial da Provincia*, e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días. O prazo de alegacións será dun mes, contado dende o día seguinte ao que deba darse por rematada a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO. Abrir o período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se consideren oportunos, unha vez que remate o período de alegacións; notificándose aos afectados para que poidan presentar as probas que crean convenientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/06/16.-ADOPCIÓN DE ACORDOS RELATIVOS A INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DE FONTE DE PORTO EN VILAUSENDE.-

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Alcalde se explica que se atopa nun trámite moito mais avanzado e que se incoou un expediente hai tempo e se fixeron unha serie de averiguacións e se emitiron informes técnicos e agora volta para a adopción do acordo procedente.

Por parte do Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, se manifesta que estudiaron a proposta de Resolución e que aínda que lles parece correcto e se van a reservar para o Pleno, e que se nota que hai moitas testemuñas e ven bastante razoada a cousa.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI manifesta que igualmente se van a reservar para o Pleno aínda que fixo un rogo nun Pleno e que se tivera en conta a parte desa fonte na outra marxe,procedendo a explicar que do outro lado da cuneta corrían as augas e que se destape, procedendo a explicar ao Sr.Arquitecto municipal a situación a que se refire.

O arquitecto municipal lle resposta que será limpiar como noutro sitio calquera.

O Sr.Alcalde á súa vez dí que a Administración está intentando determinar a titularidade, porque o Concello intentou de boa fe ao principio restaurar a fonte con todos os seus elementos, e o Sr.Rivas Alvarez conclúe a súa intervención dicindo que se recupere todo o que é público.

O Sr.López Pérez, manifesta que xa na proposta figura que se faculte ao Alcalde para a realización de todos os trámites precisos.

A Comisión, por tres votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e o membro presente do Grupo Municipal Popular) e coa abstención dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI, acorda ditaminar favorablemente e propoñer ao Pleno, en consecuencia:

a)Desestimar as alegacións formuladas por D.Jesus Cotarelo Quintana, a tenor de que aparece indubitada a posesión e propiedade pública da fonte referida como ben de dominio público de uso público dos veciños de Porto dende tempo inmemorial.

b)Declarar a titularidade do Concello da propiedade do ben de dominio público da fonte referida, coas características sinaladas no informe do Servicio Técnico municipal.

c)Aproba-la taxación efectuada polo Servicio Técnico municipal.

d) Reflectir na rectificación anual do Inventario de Bens da Corporación a inclusión do ben descrito no expediente e solicitar do Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir o ben, mediante os correspondente asentos ou anotacións rexistrais necesarias.

e) Notificar aos interesados e ao denunciante que compareceran no procedemento.

f) De non efectuarse a reposición da superficie da fonte afectada polo recheo por parte de quen fora responsable dos feitos, o Concello por aplicación do artigo 71. 3 do Regulamento de Benes debe proceder á utilización dalgún dos medios de execución forzosa previstos no capítulo V do Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídido das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

g) iniciar o procedemento de restauración da legalidade urbanística, e o subseguinte procedemento sancionador por execución de obras de recheo sen título legal habilitante, e co agravante de facelo en espacio de dominio público.

h) Facultar ao Sr. Alcalde para que efectúe cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes ou necesarios para a execución dos acordos precedentes.

(De estimarse procedente se os feitos usurpatorios teñen aparencia de delito se poñan en coñecemento da autoridade xudicial, extremo que corresponde valorar á Corporación) ”.

Promovida deliberación intervén en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, que di que eles se reservaron para o Pleno, que están de acordo en que se recupere todo o que é público, pero tamén en que o trato que deben de recibir aquelas persoas ás que se lles fai, ou que teñen un litixioco Concello, ao mellor para a defensa dos seus intereses, debe ser un trato correcto en todo momento e sobre todo un trato educado, e que dito isto parécelles que o deslinde é cuestión para os veciños para todos e que con esta recuperación vaise recuperar un ben para esa vila de Porto, é un ben importante e sobre todo moi antigo.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Alvarez que parécelles ben que se amaíen estas fontes e tódolos lavadoiros públicos, que é unha forma de recuperar o patrimonio, pero parécelles que se debe de actuar en todo o seu conxunto no só na parte pegada a fonte, senón tamén pola parte de abaixo para que estén libres tódolos desaugadoiros e as augas discurran como discurrían sempre, e por todo isto o seu grupo vai a votar a favor.

O Sr. López Pérez do PSOE di que xa manifestaron na comisión que estaban dacordo, que vían ben o das testemuñas, e o que se facultaba á Alcaldía e non teñen inconveniente en votar a favor deste asunto.

A Sra. Sanjurjo Santar do PP manifesta que xa dixeron na comisión que como o informe era coherente, que estaba ben, que iban a votar a favor.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo, o BNG, tamén vai a votar a favor. Quere destacar que debe ser dos poucos expedientes que se fan nun concello, no de Ribadeo non ten coñecemento, ou en todo caso en moitísimos anos que se houbera feito algo así, e a ver se agora a partir de isto, volven a xurdir novas cuestións como a que acaban de aprobar agora no punto anterior en Ove, e seguramente xurdirán máis nos próximos tempos porque é unha vía que non deben desaproveitar as corporacións para que en todo caso, en todo aquilo no que haxa dúbida para restituilo como ben de uso de dominio público.

Que entenden que aquí nunca houbo dúbida, entón o taller de emprego do ano pasado propuxo a rehabilitación desa fonte como moitas máis, e así se empezou a rehabilitar esa fonte, e foi a partir de aí cando xurdiron unha serie de problemas. Cre que quedou ben claro que non sabe se toda a parroquia, pero unha parte moi importante dela, casi de un veciño por cada casa, manifestaron que iso era de sempre de uso e disfrute públicos; polo tanto aquí ninguén defendeu os intereses privados, o Concello intentou defender o interese público, que é o contrario do que dixo o Sr. Rivas, que é lexítimo que a xente defenda os seus intereses, isto non é ningún interese porque se demostrou dende o principio que era público, durante e despois, foi, será e seguirá sendo, público, e en definitiva, a partir de agora o Concello terá que rematar a súa restauración para que quede perpetuamente para un bo uso e disfrute público dos veciños de Porto, de Vilausende e de Ribadeo en xeral, polo tanto eles van a votar a favor.

O Sr. Rivas Alvarez di que interven por alusións, que non dixo de defender os intereses privados, dixo na súa intervención, xa na primeira intervención que fixo cuando xurdiu todo isto, que era importante un ben público de todos, que non intente confundir os veciños de que el defende intereses particulares cando non é así. Co que si non está dacordo e con que se enviara sen rematar o expediente a pala e un camión municipal para traballar neso, e non quere entrar nese debate, porque cre que cando estaría ben feito é cando se rematara o expediente.

O Sr. Alcalde manifesta que en todo caso antes de pechar o turno para sometelo a votación, que entende que vai a ser unánime polo que todos manifestaron, quere recordar unha vez máis, porque xa o teñen feito nos medios de comunicación, pero aquí cre que nunca o fixo, precisamente eles enviaron unha pala municipal e un camión municipal para facer as probas periciais que os técnicos municipais do Concello, o arquitecto, o arquitecto técnico, etc e o capataz, dixeron que tiña que haber para seguir mirando por donde iba un determinado muro, polo tanto, non fixeron nada que non deberán facer senón que non quixo ser ningún obstáculo e sempre quixo facer o que os técnicos lle indicaron, que supón que estaría ben feita, porque agora todo o mundo vai a votar a favor, pero para rematar hai un dito “que lle ven moi ben falando de auga” e que isto é unha fonte e o dito é para outras cousas, pero nesta vida non se pode “nadar e gardar a roupa sempre”.

Sometido a votación, por unanimidade, en votación ordinaria, acordase:

a) Desestimar as alegacións formuladas por D. Jesus Cotarelo Quintana, a tenor de que aparece indubitada a posesión e propiedade pública da fonte referida como ben de dominio público de uso público dos veciños de Porto dende tempo inmemorial.

b) Declarar a titularidade do Concello da propiedade do ben de dominio público da fonte referida, coas características sinaladas no informe do Servicio Técnico municipal.

c) Aproba-la taxación efectuada polo Servicio Técnico municipal.

d) Reflectir na rectificación anual do Inventario de Bens da Corporación a inclusión do ben descrito no expediente e solicitar do Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir o ben, mediante os correspondente asentos ou anotacións rexistras necesarias.

e) Notificar aos interesados e ao denunciante que compareceran no procedemento.

f) De non efectuarse a reposición da superficie da fonte afectada polo recheo por parte de quen fora responsable dos feitos, o Concello por aplicación do artigo 71. 3 do Regulamento de Benes debe proceder á utilización dalgún dos medios de execución forzosa previstos no capítulo V do Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

g) iniciar o procedemento de restauración da legalidade urbanística, e o subseguinte procedemento sancionador por execución de obras de recheo sen título legal habilitante, e co agravante de facelo en espacio de dominio público.

h) Facultar ao Sr. Alcalde para que efectúe cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes ou necesarios para a execución dos acordos precedentes.

2010/07/17.-ACORDO DE SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO DO ESTADO, DE PARCELA DO PARADOR DE TURISMO DE RIBADEO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚA.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía dase conta de que se ten recibido con data 1 de marzo de 2010 un escrito de Paradores de Turismo en relación á petición que se formulou polo Concello segundo anterior acordo Plenario diante de Paradores de España, segundo se manifestou pola propia Entidade e agora se require que se tramite o expediente de cesión gratuíta diante da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, facéndose referencia tamén polo Sr. Alcalde aos restantes extremos que se sinalan no escrito.

Previa sucinta deliberación na que se pon de manifesto por parte do Sr. Alcalde e por varios Concelleiros a problemática que se deriva do paso de cebra que se pretende e cal sexa a ubicación mais axeitada do mesmo, sinalándose que xa existe un informe da Policía Local, pero que debe determinarse o punto técnicamente mais correcto para a ubicación do paso.

Por parte do técnico municipal sinalase que no proxecto de Fomento que está para licitarse xa está previsto un paso de peons elevado nesa zona.

De seguido por unanimidade en votación ordinaria a Comisión Informativa acorda ditaminar favorablemente para adopción dos acordos correspondentes polo Pleno municipal, do xeito seguinte:

1º. Solicitar a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado. a cesión de 39, 46 m2. a título gratuito, correspondentes á esquina do aparcadoiro actualmente existente que linda coa rúa Alza, para dar continuidade á beirarrúa existente na rúa Alza na súa intersección coa Avda. de Asturias, segundo informe do arquitecto municipal toda vez que desta actuación se derivará unha maior seguridade viaria e unha mellora do entorno que beneficiará a todos os veciños e aos propios usuarios do Parador Nacional.

2º.- Ata tanto se ultime o preceptivo expediente se solicita se autorice a ocupación en precario da parcela para poder executar o proxecto de Obras públicas.

3º Asumir o Concello a obriga de instalar un paso de peóns con pavimento elevado nas inmediacións do Parador, segundo os informes técnico e da Policía Local correspondendo á Alcaldía-Presidentencia a resolución dos restantes extremos.

4º..Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

Sometido a votación, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. Solicitar a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado. a cesión de 39, 46 m2. a título gratuito, correspondentes á esquina do aparcadoiro actualmente existente que linda coa rúa Alza, para dar continuidade á beirarrúa existente na rúa Alza na súa intersección coa Avda. de Asturias, segundo informe do arquitecto municipal toda vez que desta actuación se derivará unha maior seguridade viaria e unha mellora do entorno que beneficiará a todos os veciños e aos propios usuarios do Parador Nacional.

2º.- Ata tanto se ultime o preceptivo expediente se solicita se autorice a ocupación en precario da parcela para poder executar o proxecto de Obras públicas.

3º Asumir o Concello a obriga de instalar un paso de peóns con pavimento elevado nas inmediacións do Parador, segundo os informes técnico e da Policía Local correspondendo á Alcaldía-Presidentencia a resolución dos restantes extremos.

4º..Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/08/18.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e obras de 11 de marzo de 2010 sobre as licenzas epigrafiadas, lendose o mesmo, que se transcribe de seguido:

“Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidentencia:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ODILO PÉREZ ALVAREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN RECAREY- RIBADEO.

Expediente nº 2010/01 tramitado a instancia de don Odilo Pérez Alvarez para vivenda unifamiliar construída en Recarey-Ribadeo, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Comisión Municipal de Goberno en data 17 de xaneiro de 1991.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON CARLOS RIVAS PÉREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN VEIGA PEQUENA DE VILAR-PIÑEIRA.

Expediente nº 2010/02 tramitado a instancia de don Carlos Rivas Pérez para vivenda unifamilair construída en Veiga Pequena de Vilar, parroquia de Piñeira en Ribadeo, expediente número 2000/135, outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 7 de agosto de 2000.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR PROMOCIONES Y ALOJAMIENTOS DEL CANTABRICO S.A. PARA EDIFICIO , BLOQUE NÚMERO 6 CONSTRUIDO EN ALZA, 43, RIBADEO.

Expediente nº 2010/03 tramitado a instancia de Promociones y Alojamientos del Cantábrico S.A. para edificio , bloque número 6 construído en Alza, 43-Urbanización Vista Canela, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 11 de xullo de 2007, expediente número 2007/101, para dúas vivendas adosadas e garaxes.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010, facendo a consideración dende a Oficina Técnica que antes de proceder a finalización de todos os bloques de vivendas é imprescindible ter rematada a urbanización do conxunto.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal, co condicionado imposto pola Oficina Técnica de que antes de proceder a finalización de todos os bloques de vivendas é imprescindible ter rematada a urbanización do conxunto.

De seguido polo Pleno Municipal acórdase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ODILO PÉREZ ALVAREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN RECAREY- RIBADEO.

Expediente nº 2010/01 tramitado a instancia de don Odilo Pérez Alvarez para vivenda unifamiliar construída en Recarey-Ribadeo, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Comisión Municipal de Goberno en data 17 de xaneiro de 1991.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON CARLOS RIVAS PÉREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN VEIGA PEQUENA DE VILAR-PIÑEIRA.

Expediente nº 2010/02 tramitado a instancia de don Carlos Rivas Pérez para vivenda unifamilair construída en Veiga Pequena de Vilar, parroquia de Piñeira en Ribadeo, expediente número 2000/135, outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 7 de agosto de 2000.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR PROMOCIONES Y ALOJAMIENTOS DEL CANTABRICO S.A. PARA EDIFICIO , BLOQUE NÚMERO 6 CONSTRUIDO EN ALZA, 43, RIBADEO.

Expediente nº 2010/03 tramitado a instancia de Promociones y Alojamientos del Cantábrico S.A. para edificio , bloque número 6 construído en Alza, 43-Urbanización Vista Canela, ao abeiro da licencia municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 11 de xullo de 2007, expediente número 2007/101, para dúas vivendas adosadas e garaxes.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010, facendo a consideración dende a Oficina Técnica que antes de proceder a finalizaicón de todosos bloques de vivendas é imprescindible ter rematada a urbanización do conxunto.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal, co condicionado imposto pola Oficina Técnica de que antes de proceder a finalización de todosos bloques de vivendas é imprescindible ter rematada a urbanización do conxunto.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado nas condicións fixadas anteriormente.

2010/09/19.- CORRECCIÓN DE ERROS EN EXPEDIENTE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 11 de marzo de 2010, que se transcribe literalmente:

Expediente número 2009/213 de concesión de licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar construída en rúa Cotarelo en Rinlo, a nome de dona Consuelo Joglar Rodríguez, outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 18 de xaneiro de 2010 e na que por erro se fixo constar que a ubicación da mesma era na rúa Cotarelo, 6 cando debería figurar a rúa Cotarelo 2.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, de conformidade co disposto no artigo 105. 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, acorda ditaminar favorablemente para adopción do acordo plenario correspondente a rectificación do erro cometido, no senso de que a licencia de primeira ocupación para a vivenda de referencia é na rúa Cotarelo núm. 2 da parroquia de Rinlo (Ribadeo) e non no número 6 como se fixo figurar no acordo de concesión de 18 de xaneiro de 2010.

O Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia rectifica-lo erro no senso indicado.

2010/10/20.- FORMULACIÓN DE ALEGACIÓNS AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL).

O Sr. Alcalde di que este punto xa quedaran na Comisión Informativa en retirarla da Orde do Día para hoxe porque os técnicos ían facer unha proposta de cara as alegacións do Plan de Ordenación do Litoral.

Polo Pleno municipal asíntese a retirada da Orde do día do punto epigrafiado.

2010/11/21.-MOCIONS

1.-MOCIÓN DE UPRI SOBRE PECHE DA OFICINA DO ISM.-

Dase conta da Moción do Grupo Municipal de UPRI sobre o asunto epigrafiado que se transcribe de seguido:

“Antecedentes:

El Instituto Social de la Marina es una Entidad de derecho público con personalidad jurídica propia, de ámbito nacional que actúa bajo la dirección v tutela del Ministerio de Trabajo e Inmigración, adscrita a la Secretaria de Estado de la Seguridad Social y que en nuestro Ayuntamiento viene prestando servicio en la conocida como "Casa del Mar" primera planta desde muchos años atrás.

Enterados de la intención del ISSM de cerrar definitivamente la oficina en Ribadeo, cuestión de meses o quizás días solamente y teniendo en cuenta los servicios que viene prestando a las gentes del mar (pescadores. mariscadoras. ...):

- La gestión. administración y reconocimiento del derecho a las prestaciones del Régimen Especial de la Seguridad Social de los Trabajadores del Mar.
- En colaboración con la Tesorería General, la inscripción de empresas, afiliación, altas y bajas de trabajadores. recaudación y control de cotizaciones.

- La asistencia sanitaria de los trabajadores del mar y sus beneficiarios dentro del territorio nacional. - La asistencia sanitaria de los trabajadores del mar a bordo y en el extranjero. utilizando sus propios medios. tales como el Centro Radio-Médico, Banco de Datos. Centros en el Extranjero. Buques Sanitarios y otros que puedan implantarse, o acordando la evacuación y repatriación de trabajadores enfermos o accidentados.
- La información sanitaria a los trabajadores del mar, la educación y distribución de la Guía Sanitaria a Bordo, la práctica de los reconocimientos médicos previos al embarque, la inspección y control de los medios sanitarios a bordo y de las condiciones higiénicas de las embarcaciones, y cualesquiera otras funciones de medicina preventiva y educación sanitaria que le puedan ser delegadas.
- La formación y promoción profesional de los trabajadores del mar, así como atender a su bienestar a bordo o en puertos (nacionales o extranjeros) y al de sus familias. en cumplimiento de la Recomendación 138 de la Organización Internacional del Trabajo.
- En cumplimiento del Convenio n° 9 de la Organización Internacional del Trabajo, promover en colaboración con el Instituto de Empleo, Servicio Público de Empleo Estatal. las acciones que competen a éste, cuando se refieran a los trabajadores del mar, tanto en la gestión de las prestaciones de desempleo como en lo relativo a la coloración de la gente del mar.

Solicitamos:

Que por parte del pertinente acuerdo del Pleno de la Corporación:

1°.- Dirigirse al Ministerio de Trabajo e Inmigración y en concreto a la Secretaria de Estado de la Seguridad Social de quien depende el Instituto Social de la Marina, para que desista de la intención de cerrar la oficina en Ribadeo.

2°.- Que se reubiquen las mencionadas oficinas en otras dependencias; puerto pesquero o mismo en las oficinas de la Seguridad Social en la Calle Hirmans Moreno Ulloa de la localidad (si ello fuera posible y se contase con espacio suficiente)

3°.- Dirigirse a la Xunta de Galicia y a la Diputación Provincial de Lugo para que apoyen igualmente esta moción para que Ribadeo no pierda este servicio tan importante para sus gentes del mar.”

Intervén o Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista e manifesta que o seu grupo vai absterse en cuanto a que non cren no primeiro punto da moción, eles estiveron en contacto co Director Provincial do ISM (Instituto Social da Mariña) e en ningún momento houbo ningunha manifestación oficial por parte do mesmo de que se fora pechar ningún servizo en Ribadeo e en todo caso, unha vez que se dé cumprimento a petición municipal de conquistar o local vaise reubicar o servizo mesmo en Ribadeo, que esta é a información que teñen eles, polo tanto, cren que non procede e vanse abster.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, di que sen que sirva de precedente, esa é a información que teñen eles tamén, e dicir, que en ningún caso se plantexou que o Instituto Social da Marina fora desaparecer de Ribadeo e o que a eles se lles plantexou ou se lles comentou é que iría ao INSS, pero como na realidade, e tamén sin que sirva de precedente, coinciden co que propón o grupo do UPRI porque aos dous días de enterarse do problema, xusto eso literal foi o que manifestaron no medios de comunicación, pola coherencia que lles pide sempre o Alcalde van a votar a favor, o que si votando en falta que si hai preocupación por o Instituto Social da Marina que non haia preocupación por Capitanía de Burela que tamén da un servizo aí no mesmo edificio e que tamén se vai a ter que mover e que polo tanto, tamén se debería incorporar no que vaia para o INSS que non pode ir, pero que igual para esa zona do porto pesqueiro, pero igual si para una zona comercial tiña cabida e que polo tanto xa postos a defender que haia servizos, que non se vaian, que se defenda tamén á Capitanía que ten un servizo.

O Sr. Alcalde di que pola súa parte non lles parece mal a proposta de UPRI non lles parece mal o que engade o PP incluso eles aportarían algo máis, que o servizo de veterinarios da Xunta que tampouco se foran, que se quedaran en Ribadeo pero noutro sitio, se o teñen a ben.

O Sr. Rivas Alvarez di que a eles que son os propoñentes da moción todo o que sexan beneficios para Ribadeo encantados, pero que de tódalas maneiras o que si lles gustaría ter aquí é un documento de resposta donde se diga que efectivamente o Instituto Social da Marina como dice o portavoz do PSOE se vai a quedar aquí, que sería o que realmente certificaría que se quedarían aquí as oficinas, ou neste caso o servizo, que é o máis importante.

O Sr. Rodríguez Andina di que simplemente cun papel que diga que vai, o que hai que esperar e que non se vaia, porque ninguén dice nada.

O Sr. Rivas Alvarez di que unha vez que se envíe isto supón que contestarán algo.

O Sr. Rodríguez Andina di que o seu voto é favorable.

O Sr. Alcalde di que únicamente e non para aportar nada adicional, pero si que no seu momento, cando o Concello acordou pedir a reversión dese edificio para o propio Concello porque é titular e xa saben dos problemas do lugar desde hai moitos anos, nas cartas que despois por cortesía lles enviaron cada un dos servizos e nesta que se lle enviou por cortesía ó Director Provincial do ISM e ó Director Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social hai tempo, tamén facían fincapé por si acaso que puideran usar como excusa que no Concello como nos botan, vámonos. Eles queren matizar que non queren votar a ninguén, que queren que ese edificio por ter a Escola de Música e por querer telo a nosa disposición para adicalo a casa da música necesitaban tódalas tendencias,

pero aínda así eso non era óbice para que se eles non dispuxeran doutro local dentro das dependencias da Tesourería Xeral da Seguridade Social de Ribadeo, que este Concello facilitaría nestas dependencias a cesión do uso dun local apto para que seguise prestando o servizo para o que se ofrecía a colaboración deste Concello, polo tanto, salvado iso de que ninguén fora dicir que como desde o Concello os votabamos que se ían.

Manifesta que eles non teñen ningún problema si se aceptan as engádidas do PP e do BNG.

O Sr. Rivas Alvarez di que pola súa parte non hai ningún problema.

O Sr. Pérez Vacas di que se van abster porque teñen a información que acaban de ilustrar.

O Sr. Alcalde di que quere saber que opina o Secretario.

O Sr. Secretario di que hai que darlle forma. Pregunta se hai que darlle un segundo apartado á Moción.

O Sr. Rivas Alvarez di que haberá que dirixirse ao responsable de Capitanía de Burela, e fai unha pausa.

Pregunta o Sr. Secretario a quen.

O Sr. Rivas Alvarez di que ó Responsable da Capitanía de Burela para que siga mantendo.

O Sr. Secretario di que non, que será o organismo do que depende a Capitanía de Burela.

O Sr. Alcalde di que entende que é o Ministerio de Fomento e cos veterinarios da Xunta, dirixirse a Xunta directamente.

O Sr. Secretario di que hai que mirar ó organismo de quen depende, para que se manteñan os servicios en Ribadeo. Con respecto os veterinarios tamén.

Deliberase entre os Sres. Concelleiros sobre os Organismos aos que hai que dirixirse.

Por Secretaría se sinala que polo tanto entón se entende que se mantén o primeiro apartado, o segundo se dirixe a Capitanía, un terceiro respecto aos servicios veterinarios e figurarán como 4º e 5º os que eran 2º e 3º da redacción inicial da Moción.

Se manifesta, por parte do Sr. Pérez Vacas que vai absterse o Grupo Municipal do PSOE.

Pasada a votación a Moción, obtén 10 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP e UPRI, Grupo proponente) e 3 abstencións (Do Grupo Municipal Socialista), acordándose:

1º.- Dirixirse ao Ministerio de Traballo e Inmigración e en concreto á Secretaria de Estado da Seguridade Social de quen depende o Instituto Social da Marina, para que desista da intención de pechar a oficina en Ribadeo.

2º. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para que se manteñan os servicios de Capitanía Marítima dependentes da Capitanía de Burela, en Ribadeo.

3º. Dirixirse á Consellería de Medio Rural para que se manteñan os servicios veterinarios que actualmente se veñen prestando en Ribadeo.

4º.- Que se reubiquen as mencionadas oficinas noutras dependencias; porto pesqueiro ou mesmo nas Oficinas da Seguridade Social na rúa Imans Moreno Ulloa da localidade (se elo fora posible e se contase cun espazo suficiente)

5º.- Dirixirse á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Lugo para que apoiem igualmente esta Moción para que Ribadeo non perda este servicio tan importante para as súas xentes do mar.

2.- MOCIÓN DA PLATAFORMA GALICIA, MELLOR SEN TOURADAS, SOBRE O REXEITAMENTO DAS CORRIDAS DE TOUROS.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“Ante as mocións aprobada por 73 concellos de Cataluña, Euskadi, Asturias e filas Baleares. E a entrada a debate da Iniciativa Lexislativa Popular para a abolición da tauromaquia, no Parlament de Cataluña.

- Xa que entendemos que nunha nación que acolle un Fórum das Culturas e Exposicións Universais e unha incoherencia que convivan a cultura e a tortura e a morte como forma de diversión, aínda que responden a unha tradición enraizada dende fai séculos.

- Xa que entendemos que ternos que avanzar nos dereitos dos animais, para evitariles sufrimento inútil e menos por diversión: recordando a frase de Gandhi: *"Un país, unha civilización pódese xulgar pola forma en como trata aos seus animais*

É por iso que propomos:

Primeiro. Manifestar o apoio do Concello de RIBADEO á declaración de principios que se expón na lei de protección dos animais 1/93, do 14 de abril, a cal considera os animais como organismos dotados de sensibilidade física e psíquica e, polo tanto, suxeitos a gozar ou sufrir.

Segundo. Que RIBADEO declárese cidade contraria ás corridas de touros e amiga dos animais.

Terceiro. Que o Concello de RIBADEO non sexa cómplice dun espectáculo cruel como o das corridas de touros nin de ningún outro espectáculo onde se torture a animais.

Cuarto. Que o Concello de RIBADEO non permita os anuncios nos medios públicos municipais de corridas de touros nin de ningún outro espectáculo que produza a morte e/ou a dor a animais e que, tamén, téñase en conta esta moción cando se regule a publicidade en espazos públicos.

Quinto. Instar á Xunta de Galicia a prohibir as corridas de touros e todos aqueles espectáculos onde se produza a morte ou a tortura dun animal.

Sexto. Facer chegar este acordo á Xunta de Galicia, á plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas e aos partidos políticos presentes no Parlamento de Galicia.

Sétimo. Publicitar estes acordos a través dos medios públicos municipais.

O Sr. Alcalde di que esta moción a presenta unha entidade que se chama “Galicia Mellor Sen Touradas “ que a presentaron en varios concellos, e tamén no Concello de Ribadeo. Di que non hai ningún representante dela que esteña aquí de viva voz para defender esta moción, e que el pode sucintamente dicir o que dí.

Por parte dos sres. concelleiros se que non fai falla, que xa a leron.

O Sr. Rivas Alvarez di que o seu grupo vai a votar en contra desta moción.

O Sr. Alcalde di que senón lles parece mal, gustaríalle , sobre todo para que conste en acta.

O Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI di que se quere que lle explica os motivos de porque van a votar en contra. Manifesta que entre as argumentacións que lles facilitan intentan equiparar as prácticas das corridas de touros co por exemplo a escravitude, as execucións públicas, a subordinación das mulleres aos homes, etc, cousa que lle parece un disparate, e cre que Ribadeo ten cousas moito máis importantes que debatir nun Pleno que isto, polo que eles van a votar en contra.

O Sr. Pérez Vacas , do Grupo Municipal Socialista, di o seu grupo non vai a entrar nin no debate, que van absterse.

O Sr. Rodríguez Andina di que o seu grupo non se absten, que o que acaba de ler o portavoz de UPRI (referente ao contido da Moción que se esta a criticar polo Sr.Concelleiro de UPRI) é o maior disparate que se pode escribir con tódolos seus respetos para quen queira touros, para os que non os queiran, que esas cousas non se poden dicir para soste ningún plantexamento.

O seu grupo vai a votar en contra, e ademais que unha das primeiras prazas de touros desta provincia, tiñanlla ahí detrás, aquí cerquiña (en referencia a que a praza de touros de Ribadeo atopabase perto da Casa do Concello), donde está agora a gardeiría.

Intervén o Sr. Alcalde, que di que de tódolos xeitos como nos concellos tamén se tratan asuntos de

interese municipal básicamente, pero os concellos tamén son elementos e son foros para debater cuestións de outro tipo de alcance que non sexa estrictamente municipal e xa saben que eiquí a tradición

dos touros nunca foi moi aló, houbo unha praza de touros cre que nos anos coarenta ou por ahí, cre que afortunadamente, que é un firme defensor de que esta festa, como outras tantas do pasado,

e outras costumes, pero que para os días de hoxe non é necesario sacrificar animais, que pode haber

espectáculos con animais, pero sen sacrificarlos e sen inferirlles dor, tamén era unha tradición que as

mulleres cando quedaban viúvas se vestían de negro ata a súa morte, é unha tradición pero afortunadamente

non está, como tantas e tantas tradicións, como di o Sr. Rivas Alvarez, e non lle da a volta, había a tradición

de queimar os que eran meigos e meigas, e había tradicións que afortunadamente se foron erradicando.

Prosegue dicindo que non é un tema que lle trascenda a Ribadeo, non é previsible que haxa corridas de touros.

Prosegue o Sr.Alcalde manifestando que como se discutiu sobre a guerra de Irak, sobre as invasións dos

Estados Unidos nos países iberoamericanos, sobre dictaduras anteriores e sobre moitas cousas que

en principio lle trascenden ó ámbito municipal, pero xa que son lexítimos representantes do pobo, como

que a presentou un veciño de Ribadeo tamén, cre que por respecto deben de entrar a valorar, e deben de votar incluso, non só absterse, que deben de fixar posición, e o seu grupo vai fixala, sen entrar en demasiadas cuestións, que eles non redactaron isto, e quizais non sexan os máis adecuados para defendelas, pero si que lles darán un querencia moito maior que o que lles poden dar outro tipo de cuestións de espectáculos que non se deberán de manter hoxe en día.

Sinala asimesmo que ,o grupo do BNG sin ter unha férrea convicción, si teñen intención de apoiar

esta moción, aínda que ven que a matemática non vai dar lugar a que esta moción se aprobe.

O Sr. Rivas Alvares lle di ao Sr. Alcalde que por un voto e capaz de calquera cousa, ata de votar en contra das corridas de touros, que xa era o que lle faltaba, pero que alá el.

O Sr. Rodríguez Andina di que quere dicir dúas cousas, que se den conta de que con esta moción que como el acaba de dicir se escapa dun interese puramente municipal, porque hai outras a continuación que non corresponden só o interese de veciños ribadenses, pero que hai veciños ribadenses que están afectados polos temas que se plantexan, que non é este o caso, que é moito máis etereo, que acaba de sentar un precedente, que o seu grupo vai ter en conta ata que acabe este mandato, e é que non poderá nunca alegar ningunha razón de extramunicipalidade a ningunha moción que se presente neste concello e que poderá traerla ou non, pero que nunca polos menos por a súa parte, non se lle vai a permitir que se acolla a esta extramunicipalidade.

En segundo lugar, dille que non volva o Sr. Alcalde a ir de pesca porque os peixes tamén sufren, cando tragan o anzuelo sufren, asíque non vaia de pesca máis.

O Sr. Alcalde respostalle que na súa vida pública intenta se vai de pesca ou do que sexa, intenta non facer espectáculo, e o que se trata aquí é un espectáculo tortuoso coa morte final dun animal, non se fai para comer, e el come carne, é recoñece que de residuo final cómese, pero normalmente a carne que come non lle gusta que estea torturada.

Sometido a votación, por 4 votos a favor, 6 votos en contra e 3 abstencións non se aproba a Moción epigrafiada.

3.MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DAS UXFOR

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A maioría da propiedade forestal caracterízase no noso país polo excesivo parcelamento, a carencia de servizos e a falta de planificación produtiva, o que fai insostíbel unha explotación ordenada e rendíbel, levando moitas veces ao abandono dos nosos montes.

Para combater esta desalentadora situación, o anterior goberno da Xunta de Galicia creou as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) ao abeiro da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e do Decreto 101/2008 que a desenvolve.

As UXFOR caracterízanse polo agrupamento de parcelas cara a súa xestión en común seguindo un plan, o Instrumento de Xestión Forestal Específico (IXFE), establecido e aprobado pola Asemblea de propietarios.

Esta nova forma de xestión do monte presenta as seguintes vantaxes:

- Recuperación e posta en valor da propiedade forestal abandonada.
- Consecución de unidades produtivas de maior tamaño, que permitan e optimicen a rendibilidade do monte.
- Posibilidade de acceso a axudas para repoboacións, silvicultura e equipamentos, que serían imposíbeis en pequenas propiedades.
- Xestión común e profesional do monte.
- Aproveitamento da multifuncionalidade do monte.
- Diminución do risco de incendios forestais.

Esta nova figura de xestión en común do monte espertou o interese de numerosos propietarios, ao ser vista como unha fórmula válida para combater os principais males do monte galego. O anterior goberno comprometérase a realizar os traballos administrativos para a creación das primeiras UXFOR, e realizou xa en moitas delas importantes labores previas de rozas, apertura de pistas, plantacións, etc. Estas primeiras UXFOR, 45 en total, abarcan unha superficie de 4.274 Ha., repartidas en 12.854 parcelas de 2.736 propietarios e propietarias.

Pero desde o cambio de goberno, os propietarios asisten con temor á paralización de todos os procesos iniciados de constitución de UXFOR, así como dos traballos comprometidos, e mesmo dos iniciados.

O Pleno do Concello de Ribadeo, con veciños e veciñas interesados e preocupados por esta situación en cuxo termo municipal tamén se encontra a UXFOR de Vilaframil , toma o seguinte:

ACORDO:

1.Demandar á Consellería do Medio Rural o respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR existentes e a finalización os procesos en marcha.

2.Apoiar decididamente a xestión en común dos nosos montes, dirixida pola comunidade de propietarios, como medida xeradora de riqueza e de postos de traballo e, en xeral, de mellora do benestar dos galegos e galegas.”

Intervén o Sr. Alcalde que dí que vai ser él quen defenda esta Moción que está asinada polo seu compañeiro o Sr. Castro Reigosa.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, di que o seu grupo está dacordo en que este é un tema do anterior goberno, do novo goberno, de que se antes estaba dubidoso agora parece que está un pouco aparcada, e o que lle chama a atención é dos traballos comprometidos e mesmo dos iniciados, moitas veces soe pasar e neste goberno pasou con moitos dos proxectos, había moitos compromisos e moitos protocolos, pero compromisos de financiación os mesmos, e isto é o que está pasando co tema das UXFOR.

O seu grupo non ten problema en apoiar esta moción no texto, pero veno como un enfrentamento entre que os de antes eran mellores e os de agora son peores, e haberá que ver cal é a proposta que teñen os de agora para estes temas e ver a consecuencia.

Non teñen problema en apoiar o que piden neste caso os veciños de Vilaframil, di a moción “demandar á Consellería do Medio Rural o respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR” e iso está ben, demandar os compromisos adquiridos, pero que se houbesen quedado firmados, non houbese tido que reclamalos agora. Non obstante, como se trata dos veciños de Vilaframil, que parece ser que están todos de acordo con este tema, o seu grupo vai apoiala.

O Sr. Pérez Vacas, do PSOE, di que son corresponsables dese goberno e desas inciativas que se tomaron durante o bipartito, e sen poder entrar no debate, xa que recoñecen a súa ignorancia sobre a vinculación e o traballo que veñen desenvolvendo as unidades de xestión forestal, cren que se foi aprobado polo anterior goberno e é demandada polos veciños neste caso da parroquia de Vilaframil, vai a contar co seu apoio e desean que se cumpra o que se pide na moción.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo municipal do PP, di que a eles gustaríalles, porque lles parece que esta moción tan rimbombante como tantas cousas importantes que se dicen aquí de cara ao benestar dos cidadáns, e con tanto instrumento xurídico que se montou polo goberno anterior para que a partir de agora sexa mellor e que naquel momento foran felices, teñen unha serie de dúbidas, que como o Alcalde é o que defende a moción vai plantexarillas, e en función deso, poder tomar unha postura.

En primeiro lugar, pregúntalle se sabe das UXFOR en que tipo de dereito se sustentan para poder facer a súa tramitación e o seu traballo, é dicir, civil, penal, administrativo, interrógase o Sr. Rodríguez Andina. Porque tenlle que recordar, ao Sr. Alcalde, que son asociacións de propietarios privados, entón interesalles que ó ser asociacións de propietarios privados esa figura do UXFOR a través de que tipo de instrumento xurídico, que tipo de legalidade se plantexa para saber a seguridade xurídica que teñen as UXFOR.

En segundo lugar, quere que lles diga se sabe cales son os requisitos que se impoñían por parte do goberno para a creación na solicitude das UXFOR, mais ca nada por clarificar, a ver si co coñecemento desos requisitos son capaces de clarificar algunha cousa.

En terceiro lugar, quere saber se a parte do que el afirma, e non ten porque dubidar, porque está funcionando en Vilaframil, que ten que supoñer aínda co Alcalde non o afirma, que unha das UXFOR que pediron a súa creación, que pediron as súas solicitudes con tódolos criterios da solicitude, se coñece algunha UXFOR máis desas.

Di que lle fai estas preguntas porque non é técnico nesto, e tratou de enterarse un pouco, pero quere ver se entre do que el se enterou, e o que o Alcalde lle conta chegan a un punto.

O Sr. Alcalde respostalle que lle fai un interrogatorio xurídico, e que é o Alcalde de Ribadeo, para ben e para mal, pero que nin é nin o xurídico que creou as UXFOR nin é o que defendeu a súa vixencia no Parlamento, pero que aínda non sendo ningunha desas dúas persoas, nin tendo esa capacidade para

contestarlle o concreto, pódelle dicir que son instrumentos aprobados en sede parlamentaria, polo tanto, aprobados e publicados e non impugnados; polo tanto válidamente constituídos, que en moi poucos meses de funcionamento dende que se aprobaron estas unidades de xestión forestal, porque despois desgraciadamente para unhos e desgraciadamente para outros, houbo un cambio de goberno, e en moi pouquiño tempo creáronse unhas 45 en todo o país, varias na provincia e cre recordar que a máis avanzada é a de Vilaframil, por certo con gran aplauso de tódolos veciños, e iso que en Vilaframil como en calqueira outra parroquia do Concello a xente cada un é de seu pai e de súa nai, unhos son dun e outros son doutro, pero que nese caso concreto a verdade e que el coincidiu unha vez, e que estaban bastante animados con todo isto, polo tanto, agora están temerosos por unha paralización desde que se cambiou o goberno, que “nin arre ni xo”, que si se sabe, que si se vai saber, unha reformulación pero sin entrar en cuestións técnicas de reformulación, o que se quere e o que se somete ó Pleno e que como nisto si que toman posición de cousas que teñen que ver co Concello, na parroquia deles, de Vilaframil, o goberno municipal, neste caso, o BNG querría que todos lle instasen a Xunta de Galicia a que poida facer o que queira, pero que respete o que hai adquirido, porque se trataba do que el dicía aí atrás, que hai unha serie de cousas: mellorar a produtividade do monte, que non haia risco de incendios, etc.

Prosegue con que polo que puido saber nalgunha reunión, non para analizar contidos específicos das UXFOR, pero si con motivo doutras cuestións coa Consellería do Medio Rural anterior, pois si que non é o mesmo sistema que funciona dende o punto de vista urbanístico, pero si é parecido ao que pode ser un planeamento urbanístico de reparto, donde todo o mundo aporta unha porcentaxe do seu territorio, que a súa propiedade non a perde, pero igual durante un tempo esta asignada esa porcentaxe, e ao mellor ten que aportar máis territorio do que logo se lle vai a recoñecer, porque hai que dotar unhos camiños públicos que a veces poden pasar incluso por encima dunha parcela dun aboado desa UXFOR. Tamén había elementos moi importantes, para que aquel que non quere estar, que está nun extremo se pode sacar, etc.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que se rexe por un sistema de maiorías como nunha unidade de actuación dun polígono urbanístico, entendían que era, sen ir a unha necesidade de concentracións parcelarias tediosas, que durante moitos anos levan moitos recursos económicos e de tempo e que logo xa se ve a realidade do país cal é, con mirar a cartografía e o parcelario dos montes, soamente no Concello de Ribadeo pódense levar as mans a cabeza, como hai leiros que parecen cómaros, que en dúas hectáreas pode haber unhas sesenta parcelas de monte, unha cousa terrible, polo que entendían que era unha experiencia moi boa e que non tiñan porque dubidar das súas consideracións xurídicas, porque entende que están aprobadas, e ben aprobadas.

Dille que non sabe se cambia no tempo, que igual a xente non é tan pouco coherente, que é o que debatían no punto anterior, pero hai unhos meses, antes do cambio do goberno, cunhos destacados promotores de madeira de aquí da nosa comarca que non do noso Concello, alababan as UXFOR que daba medo, que xa lle decían ao Sr. Conselleiro anterior que tiñan que facer isto, e déronllo na Alcaldía, entón él espera que atenda o que era aquel sector, o cluster da madeira, e atenda os requerimentos dos veciños propietarios do monte, é por eso que traen isto a debate.

O Sr. Rodríguez Andina manifesta que ve que o Alcalde non sabe de que vai o asunto, entón que llo vai explicar.

O Sr. Alcalde di que sabe máis do que parece.

O Sr. Rodríguez Andin di que parece mentira, que entón o está enganando porque dille que non lle vai a contestar porque no sabe e resulta que si que sabe.

O Sr. Alcalde dille que neste Pleno está aprendendo deles, de non dar a coñecer todo o que poida saber.

O Sr. Rodríguez Andina di que o que lle parece mentira é que presente unha moción en defensa das UXFOR e se lle faigan unhas cuantas preguntas e que el non as saiba, e resulta que disto ata hoxe non sabía nada de nada, e isto é moito máis fácil que as dúas tardes de clases de economía a Zapatero, que as catro cousas que fai falla saber apréndense volado, que calquera licenciado en dereito lle dirá, e que antes de dicirlo vai referirse o que dixo o Alcalde, que di que o que si sabe él é que foron aprobadas no parlamento e ben aprobadas, e que na sede parlamentaria tamén teñen aprobada a lei de caixas e xa ve donde está, no Tribunal Constitucional, ou sexa que aprobadas e ben aprobadas, poden ser recurridas e recurriunas o goberno central, é dicir, que isto de aprobadas é moi relativo.

Prosegue dicindo que calquera licenciado en dereito, que o consultou a dous e a dous técnicos da Xunta, e se preguntará él que estas UXFOR que eran asociacións de propietarios reguladas polo dereito administrativo é un absoluto disparate, eso dillo calquera o que lle vaia a preguntar, que distinto é na política, pero que calquera que lle pregunte lle dirá que é un disparate.

En segundo lugar, manifesta o Sr. Rodríguez Andina que había unhas requisitos para a súa creación na solicitude, e non sabe se en Vilaframil solicitaron e presentaron tódolos requisitos, e o pediron, o que lle pode dicir e que en moitos sitios de Galicia se iniciaron as UXFOR sen que ninguén as pedira, polo tanto sen cumprir os requisitos que o propio decreto determinaba que había que cumprir para a creación das UXFOR, e empezáronse a facer obras de roza e de camiños sen que houbera ningún tipo de solicitude, e que das obras ninguén se vai a queixar, que comprende que os veciños de Vilaframil se de repente lle empezan a rozar o monte e a abrir pistas forestais e a amañarlle o monte, que nunca pasou eso, e que non se van a queixar, o que non quere dicir que ese teña que ser o instrumento, e o que non quere dicir que a Xunta de Galicia non teña obriga de manter a legalidade dos asuntos, e se a legalidade consiste en que hai que solicitar, a creación hai que solicitarla, e se a legalidade consiste en que hai que cumprir unhas requisitos hai que cumprilos, e os requisitos son, como ben decía o Alcalde, que eso si que o sabe, que funciona un pouco como polígono urbanístico, que por maioría sabe que hai que ter o 51% da propiedade, pero o segundo o que a IXFE (Instrumento de Xestión Forestal Específico) que habrá que ver en que UXFOR existe, e non está inventando nada, que está dicindo o que lle informaron, que haberá que ver donde existe esa IXFE, que se presenta xunto coa solicitude e require unha exposición pública para que o 49% que non está incorporado poida presentar alegacións, e él plantexa que eso non sucedeu polo menos sempre, polo tanto, como mínimo as UXFOR son unha irregularidade manifesta dun goberno, unha imprudente irregularidade.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina, que o seu grupo non está en contra de todo o que eles poñen eiquí, en absoluto, pero que eles de repente, maniféstanse como defensores dos sectores productivos como lles chaman eles, e ahí están todos, e dille que non, que o seu grupo non está en contra disto, no que si discrepan e que o mecanismo sexa o que eles inventaron, que eran as UXFOR e sino que faigan ese exercicio que lles acaba de dicir, que se enteren cantos pediron de tódolos que din desos 45 para ter unha UXFOR, cantos cumpriron os requisitos, cantos presentaron os papeis e xa verán o que pasa.

Prosegue dicindo que eles coinciden na filosofía toda que eles plantexan aquí se lle quitan o de UXFOR IXFE, no resto eles coinciden en todo, e non só coinciden en todo, senon que están dispostos a demandar á Consellería de Medio Rural cousas, pero non isto. O que están dispostos a demandar da Consellería de Medio Rural e que as UXFOR existentes teñan un tratamento estrictamente igual que as figuras xurídicas

que o novo goberno está estudando e analizando para sacar adiante coa mesma finalidade, pero con garantías xurídicas.

Se o tema é que se teñen que chamar UXFOR que non conten con eles, porque hai un goberno que vai cambiar a mecánica e a figura xurídica, porque están absolutamente convencidos de que esa figura xurídica e, como mínimo, irregular. E insiste e dille o Sr. Alcalde que consulte o que lle está dicindo, que non fala a “fume de carozo”.

Respecto do segundo punto da moción “apoiar decididamente a xestión en común dos nosos montes, dirixida pola comunidade de propietarios, ...” manifesta que sen problemas, pero que no primeiro o que demandan e respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR existentes en plena igualdade coas figuras que a apartir deste momento para o mesmo desenvolvemento, se lles vale ben, e senón non lle hai que facer.

O Sr. Alcalde di que isto de poñerse a debatir sobre supostas legalidades ou ilegalidades sobre un debate político que non é este o foro, xa que estan no Concello de Ribadeo, e que se entra nun debate político pero non técnico, porque político tamén pode ser que había o decreto eólico resolto favorable e foi suspendido por un criterio político, incoada a suspensión cautelar por unha cuestión xurídica e despois desautorizada por unha cuestión xurídica, e o final por unha cuestión política se fan e se desfan cousas moitas veces argumentando criterios técnicos que logo non o son.

Dí igualmente o Sr. Alcalde que todo este argumentario que lle está dicindo o Sr. Rodríguez Andina que está moi ben, pero que se estaban mal pedidas, mal solicitadas, e moitas máis cousas, dende hai un ano que se leva no goberno da Xunta, tiveron tempo para correxilo ou para polo menos mandar unha comunicación de que algo estaba mal, e dubidao moito. El se inclina a pensar que despois dun ano non hai moita motivación de levalo adiante, como tantas e tantas cousas que se fixeron ben dende un goberno anterior autonómico, porque se hai algo que cre que ten este goberno actual e que tenta por tódolos medios dinamitar calquera resquicio de cousa que se fixera ben, e seguramente se fixeron cousas mal, pero o que non pode ser é que non lle colle na cabeza a ningúen é que todo canto se fixera estaba mal ata o punto de que as cousas máis estrela se anulan, as máis importantes se lles da un cariz secundario ou simplemente se lle chama de outra maneira e a vivir como se aquí nunca pasara nada, pero que no fondo de toda esa cuestión política lévanse os sentimentos de moita xente que non entende e que asiste estupefacta a este tipo de reviravoltas políticas.

Prosegue dicindo o Sr. Alcalde que o seu grupo non vai a cambiar a moción, que a van plantexar así e ese é o seu ánimo, cren que as UXFOR é un organismo de xestión moi bo, e non é que chamou por teléfono para que lle deran os criterios senón que hai un tempo a xente non propietaria ou si propietaria, pero que estaban no sector da transformación da madeira, do sector da corta e da transformación, de relevo dende o punto de vista asociativo e federativo galego, exclamaban as bondades destas UXFOR que se laiaban porque non tiveran estado antes en funcionamento e cóstalle crer que todo isto estivera tan mal, incluso desde a vocación política e desde a xente que llo dicía non eran tampouco da súa sintonía, entón sorprendíalle tanto e pensaba que ben se fixera, e que agora se lles veña con toda esta cousa, que respeta todo o que lle dí, pero que non o comparte para nada, polo que van manter a moción tal e como a teñen.

O Sr. Rodríguez Andina pide ao Sr. Alcalde que lle diga que o que está falando sobre a moción que serán máis ou menos técnicos, pero que era sobre a moción e que afecta os cidadáns de Ribadeo.

En canto a que este non é o foro, dille que se é o foro dos touros, e que lle levou tres minutos, non ten ningún sentido, que para os touros si podían falar, pero de dereito administrativo ou de se están mal feitos

as UXFOR ou se non se cumpriron as condicionantes, deso non, que non é o foro este, que lle parece que isto é un pelín “probe”.

Dille tamén que dos parques eólicos que se olvide, porque máis vale que non meneen os parques eólicos, aqueles que lles ían dar musculatura financeira.

Acaba de dicir e débese explicar moi mal que non acaba de tratar de desfacer nada, acaba de facer un ofrecemento de que como se están desenvolvendo figuras xurídicas válidas para agrupacións de propietarios que persigan os mesmos fins, que den garantías xurídicas, acaba de facer a oferta, de que en lugar de empeñarse en manter o nome de UXFOR e o nome de IXFE como se fora algo que fora deso non existe nada, buscando a mesma finalidade cheguen a unhos acordos, pero non de desfacer nada, e acaba de ofrecer ademais que se esixa á Consellería que o tratamento que se lles dea as UXFOR existentes neste momento sexa exacta e estrictamente a que se lle dea a nova figura xurídica. Di que non sabe que é o que quere desfacer nin o que quere tumbar ou desmantelar.

Prosegue dicíndoo Sr. Rodríguez Andina que se non vé que él di que se estaban mal pedidas ou mal solicitadas, e el díxolle máis, que non vai a dicir o que lle dixeron literal, pero que as había nin pedidas nin solicitadas, que é peor, senón entrada de oficio pola administración, e vólvelle a dicir que unhos veciños de Vilaframil aos que o Sr. Alcalde lles amaña aínda que non llo pediran, as pistas de Vilaframil e que van a reclamar, se pregunta. Non, diranlle que siga para adiante, e só faltaba que dixeran que non, e aquí é exactamente igual, que ben fixeron moi pouquiñas cousas, e das gordas ningunha, e o que lle faltaba por ver e que se apoie nos maderistas, que seguro que noutro momento foron unhos atracadores contra o pobre agricultor, pero neste momento parece ser que como lles parecían ben as UXFOR os maderistas son “palabra de Deus”, e que o Alcalde non concorda con eles, que agora os poñen de exemplo aquí, pero que xa sabe que non é por ahí o asunto.

O Sr. Alcalde dille o Sr. Rodríguez Andina que lle sorprendería con quen concorda él e con quen non, pero que en todo caso o que pretenden as UXFOR é que os propietarios dalgunha maneira tamén sexan maderistas, e aquí en Ribadeo hai unha boa sintonía e debe decilo.

Dio Sr. Alcalde que xa pasou máis dun ano, levan un ano de goberno na Xunta e neste tempo non se fixo absolutamente nada, e supón que os outros en tres anos e medio fixeron moitas cousas e outras moitas quedaron no tinteiro, igual o empezaron tarde e non deu tempo a desenvolver moito pero en tan pouco tempo se crearon coarenta e cinco, e non vai dubidar da cuestión legal de todas elas, porque está seguro de que todas tiñan unha forma xurídica válida e un procedemento de xestión axeitado.

Prosegue sinalando que cóstalle creer, a non ser que fora por unha cuestión de limpeza de montes porque esté marcado dentro da Lei forestal, da Lei de montes que se aprobou daquela, que se meteran en propiedades privadas a amañar nada, que non deixa de ser o monte unha propiedade privada e moito lle estraña que a Xunta se metera por ahí, a non ser por unha cuestión contra o lume, como a propia lei si permite dentro dos núcleos, etc etc, polo tanto pídelo ao Sr. Rodríguez Andina que non se vexan cousas raras a esta moción, porque vai desde o bo sentimento e co ánimo de que se fagan as cousas, de que as cousas que estean ben iniciadas e que estean co apoio popular, polo menos dos propietarios dos montes que sigan adiante, e logo se a maiores alguén lle quere facer algo máis, creen que esta é unha fórmula válida e moi válida, e insiste e di que xa remata para sometela a votación, co aplauso dunha serie de xente que curiosamente coincidía de maneira ó 100% con eles e con el neste caso.

O Sr. Rodríguez Andina dille que quere engadir unha cousa soa, que son dous minutos, que para saber ben pouco do fundamento da moción, sabe bastante da vontade dos cidadáns, e que é algo que sempre lle pasmou do seu grupo.

Sobre o fundamento da moción , o que lle preguntaba, non parecía saber moito, pero que a maioría da cidadanía estaba a favor das UXFOR non sabe porque método, pero xa o sabe, e insiste en que faga ese exercicio, que a partir de mañá se entere de cantas UXFOR hai, cantas pediron, cantas presentaron documentación, cantas cummpiron os requisitos, e despois , un día tomando un café, o falan.

O Sr. Alcalde di que non anduvo por todo o país mirando , só mirou na noble e humilde pequena parroquia de Vilaframil, e aí había unha sintonía absoluta.

Sometido a votación,a Moción epigrafiada,tras deliberación por 9 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, P.S.G-PSOE e UPRI) e 4 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do BNG), acordase:

1.Demandar á Consellería do Medio Rural o respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR existentes e a finalización os procesos en marcha.

2.Apoiar decididamente a xestión en común dos nosos montes, dirixida pola comunidade de propietarios, como medida xeradora de riqueza e de postos de traballo e, en xeral, de mellora do benestar dos galegos e galegas.

4.-MOCIÓN DE UNIÓN AGRARIAS SOBRE SUPRESIÓN DE AXUDAS DA PAC.

Dase conta da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“A Organización Profesional Agraria, UNIONS AGRARIAS. traslada Os Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que. de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xuridico das Entidades Locais. sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCION que a continuación se recolle:

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Conselleria do Medio Rural presentou o pasado dia 2 de marzo as liñas e os criterios de adxudicación que o Fogga, (Fondo Galego de Garantía Agraria) vai a seguir a hora de distribuir as axudas da PAC. Unas bases que van a provocar que 2.971 explotacións lacteas de Galicia non percibirán determinadas axudas da Política Agraria Común (PAC), polo que a organización demanda ao Goberno galego que articule unha liña de axudas dotada con 7.7 millóns de euros, semellante a do Executivo asturiano para compensar a estas explotacións. A organización lembra que as axudas da PAC específicas para o sector lacteo, están dotadas con 40,2 millóns de euros destinadas a explotación ubicadas en zonas de montana e con limitacións específicas. en zonas desfavorecidas por despoboamento e para as explotacións que ademais dos anteriores supostos disporían de base territorial para alimentación do gando produtor de leite.

En Galicia existen 13.475 explotacións lacteas repartidas en 192 concellos. Deste total. o 78% están situadas en zona de montaña ou desfavorecida por despoboamento e nelas ubícanse o 75% da totalidade da cabana gandeira de leite de Galicia. Polo tanto. as 2.971 explotacións

que non se atopan nestas clasificacións se atopan agora un trato desigual e totalmente discriminatorio a hora de recibiren axudas. Neste sentido, destaca que o Goberno de Asturias nas bases que regulan as axudas da PAC establece unha axuda para o fomento de prácticas de benestar animal nas explotacións lácteas, coa que corrixe a situación de agravio na que se verían estas explotacións.

Polo exposto, a Organización Profesional Agraria, UNIÓN AGRARIAS, SOLICITA a presentación desta MOCIÓN diante o pleno da Corporación municipal, para que este adopte os seguintes acordos:

1º Instar a Consellería do Medio Rural a que reconduza as bases desta convocatoria para que non se dean situacións de desigualdade entre as explotacións.

2º Esixir do Goberno galego que ante esta situación aposte porque se destinen fondos adicionais para que estas explotacións non queden nunha situación de competencia desigual co resto de Galicia.

3º Solicitar desta Corporación municipal para que no caso de non producírense estas modificacións e o reenfoque nas medidas previstas pola Xunta de Galicia, apoie as accións reivindicativas na defensa das explotacións que teñen unha rendibilidade totalmente insuficiente para a súa supervivencia, o que repercutirá no papel fundamental que desempeñan no mantemento do territorio, na conservación do medio natural .”

O Sr. Alcalde di que o seu grupo non ten ningún problema en apoiar as dúas Mocións, a de Unións Agrarias e a do Sindicato Labrego Galego, e que quere suscitar un debate.

Que parece gravísimo, e pon de manifesto que el tamén descoñecía esta situación, pero que despois de estudar isto, que a situación do Concello de Ribadeo e do Concello de Castropol, por poñer un exemplo, cando son un territorio de rasa costeira, un territorio que afecta á montaña, que Castropol poida recibir esas axudas dentro do marco da PAC e Ribadeo non, parécelle intolerable e non soamente Ribadeo, senón Trabada, Barreiros, estean igual parécelle igualmente intolerable, polo tanto o seu grupo non ten ningún problema en apoiar as dúas, especialmente a do Sindicato xa que non soamente se querella coa Xunta senón que vai directamente a donde está a fonte do problema que é no Ministerio, senón que tamén lle pide a Xunta que articule medidas.

O Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, di que o seu grupo non ten ningún problema en apoiar estas mocións, que está claro que a situación dos agricultores do Concello de Ribadeo e dos gandeiros non é a máis axeitada, e se encima non van a ter o apoio da PAC a situación vai a ser máis complicada. Cre que todo o que poidan facer, apoiando e solicitando que se sigan mantendo estas axudas e pouco para eles, e parécelles que a situación do sector agora mesmo demanda un apoio unánime de tódolos membros da Corporación, e que o seu grupo vai apoiar as mocións.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, manifesta que o seu grupo tamén opina o mesmo e que van apoiar as mocións. Cren que unha complementa a outra, e cren que o Concello de Ribadeo está inmerso nunha situación complicada co tema do leite, e cren e ofrécese para tratar de levar adiante as xestións que considere necesarias o Sr. Alcalde a través da aprobación destas mocións ante o Ministerio competente e que parece que é en definitiva donde está a discrepancia e a desigualdade que se pretende implantar entre concellos costeiros e concellos de montaña.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, di que a ver agora como fai, porque non vaia ser este tampouco o foro, que entón vai a liala. Ten que decirlles con todo o seu respecto que non teñen nin "puñetera idea" do que están falando, que non desaparece ningunha axuda, o que si se ve e que hai determinados sindicatos que son correa de transmisión de determinados partidos e determinados partidos que son correa de transmisión de determinados sindicatos, así Unións Agrarias fala da Xunta e da Xunta para abaixo, e o goberno central non existe para isto, porque no goberno central xa saben quen goberna entón Unións Agrarias non pode criticar ao Partido Socialista que é quen goberna en Madrid.

Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que aínda di Unións Agrarias outra cousa máis importante todavía, que non se pode utilizar o que di como dogma de fe senón se sabe se é verdade. Di que lle pregunten a Unións Agrarias donde leron, e non se refire a se o leron nun bar, senón donde leron eso de que en Asturias vai a ser doutra forma, que donde está escrito, en que diario oficial está escrito, que lles pregunte aos de Unións Agrarias donde o leron, e que cando haxan visto donde o leron, entón si poden dicir que Castropol está mellor tratado que Ribadeo, pero cando coñezan isto, que o descoñecen.

Di igualmente que é unha situación moi triste, que se dedicou a traballar sobre estas dúas mocións, que ten datos eiquí que eles descoñecen, ou non queren saber nada deles, pero que agora vai falar para o aire, xa que non lle van a facer caso, que os seus amigos si lles van facer caso, que eles non, pero que vai aparecer ahí escrito.

O Sr. Alcalde pide que conste en acta.

Prosegue o Sr. Rodríguez Andina dicíndolle ao Sr. Alcalde que el non lle vai a facer caso. Di que isto do que están falando e só unha parte nova, que é para 2010, e dicir, os dereitos que existían no 2009.

O Sr. Alcalde di que o pon na moción, que pon, é 2010-2011.

O Sr. Rodríguez Andina di que só pon unha parte, e pregunta se saben que hai algo que se chama o pago único.

Preguntalle o Sr. Alcalde o Sr. Rodríguez Andina se o sabía él.

O Sr. Rodríguez Andina dille ao Sr. Alcalde que non, pero que se enterou, que eles veñen a dicir aquí que aceptan unhas mocións, e non se enteran de que vai. Explica que hai un pago único financiado polo FEOGA que se mantén nos seus dereitos exactamente igual que no 2009, polo tanto que non digan que quedan desprotexidos porque non é verdade, e que agora hai unha novidade no 2010 que pode supoñer fronte aos anteriores 150 ou 200 millóns de euros, que é o pago único, pode supoñer en torno aos 20 millóns de euros e que en todo caso esta novidade que ven para a zona desfavorecida, quen a regula é a Unión Europea, non a inventou o Partido Popular en Santiago e que unha das zonas desfavorecidas é a zona de montaña.

Preguntalle ao Alcalde se se acorda e lamenta ter que dicilo, do acordo ao que chega Unión Europea e o goberno central e como consecuencia a Xunta de Galicia, isto é unha negociación como a do ingreso no Mercado Común, é a negociación do PAC, e como sempre no PAC a Sra. Elena Espinosa que é galega debeulle de interesar máis as amendoas de Baleares que o leite de Galicia, e tragou como sempre e quedou coxo o tema do leite de Galicia. Entón tratase dunha mala negociación.

Pregunta o Sr. Rodríguez Andina, quen estaban gobernando en Madrid, e resposta que era o PSOE por isto Unións Agrarias non nomea o goberno central.

Pregunta o Sr. Rodríguez Andina, igualmente, quen non fixo nada para correxir o asunto, e que contesta que a Xunta de Galicia, e pregunta tamén quen estaba na Xunta naquel momento, e se resposta así mesmo tamén, que casualmente o BNG e o PSOE.

Dí asimesmo o Sr. Rodríguez Andina, que o Goberno do Partido Popular cando entrou ao primeiro, alegou, pero xa estaba feito o reparto económico, e cando o reparto económico da Unión Europea cos distintos gobernos nacionais estaba feito, non hai nada que mover.

En segundo lugar alegou porque pensaron que sí deberían ter dereito a esa axuda pero xa estaba feito.

En terceiro lugar alegou noutra dirección, aínda máis importante que non se acertou, e que isto eles non o saben, porque os seus grupos tampouco alegaron eso. Que aquí estase aplicando as zonas desfavorecidas e de montaña, e en determinadas zonas nas que parece que adicarse a ganadería do leite non é rendible nin sostible, entón o que defendeu o Partido Popular son sistemas de produción vulnerable, non de situación vulnerable, e dicir, non porque que estiveran as vacas na Fonsagrada tiñan un trato distinto que as de Ribadeo, senón que se as vacas que traballaban na Fonsagrada e as que traballaban en Ribadeo tiñan un sistema de produción vulnerable, entón deberían ter o mesmo tratamento, e non se aprobou, e foi en parte porque eles tampouco se emplearon niso, que agora hai que ser serios, que se se houbera aprobado eso houbera entrado todo o sector lácteo pero non se aprobou.

Respecto ao segundo apartado da Moción que di “demandar do Ministerio de Medio Ambiente os cambios dos criterios de adxudicación destas axudas” que está perdido no período de alegacións que non hai maneira.

Respecto á petición de “demandar da Consellería de Medio Rural de non cumprirse o solicitado que dispoña con cargo aos seus presupostas os recursos necesarios...” e pregúntalles se saben que medidas agroambientais hai propostas pola Xunta de Galicia en Galicia para correxir dalgunha maneira esta desigualdade, e dilles que non o saben, o que si saben e sóalles moi ben e que en Asturias hai unha axuda para o fomento de prácticas de benestar animal nas explotacións lácteas.

Di o Sr. Rodríguez Andina que da mesma maneira, en Galicia hai medidas agroambientais, e dicir, para aquelas explotacións que procuren non ser intensivas, para aquelas que teñan unhas garantías de leite cunha carga por hectárea baixa, eso é o que existe en Galicia, e eso é o que existe en Asturias, e dicir, que en cada unha elixiuse unha modalidade, e cualquera outra medida que se queira inventar sobre axudas teñen que ir por criterios agroambientais e esos criterios xa están dados, entón pide que lle digan onde está o castigo.

Sinala asimesmo que si do que se trata e que de aquí saia que a Xunta de Galicia o fai moi mal e ten que poñer cartos enriba da mesa porque senón pobres agricultores de Ribadeo, teñen razón, e “amén e aleluia”, pero senón, e que se foran un pouco serios e mirasen un pouco as mocións antes de traelas ó Pleno, igual podían chegar a un acordo, e non ten máis que dicir, porque total para o que vai a servir. Engade que polo menos traballou e non coma outros.

O Sr. Alcalde dille que hai que ter moral nesta vida, que eles viñan tan contentos co punto anterior e que mire como lles saíu. Di que non conste na acta esta frivolidade, pero que son as once da noite e teñenlle que permitir un pequeno distendido.

O Sr. Rodríguez Andina di que só faltaba.

O Sr. Rivas Alvarez di que sinceramente non viu a segunda parte da moción.

O Sr. Rodríguez Andina di que van votan a favor igual, que non lle diga máis.

O Sr. Rivas Alvarez di que lle acaba de pedir ao Sr.López Pérez, que lle pasara a segunda parte para poder vela e que acaba de vela.

O Sr. Rodríguez Andina di que encima é a dispositiva, que se vota a favor sin saber o que dí.

O Sr. Rivas Alvarez di que sen saber o que di que non, que acaba de pedila para saber o que dicía, que senón non o sabía.

Que lle parece que é unha política de altura a que está aquí, que se está discutindo temas que a eles quedanlles moi lonxe, que os agricultores están pasando unha situación difícil e que hai que tratar de axudarlles, non sabe se pedindo que se amañe ou amañándolles, pero que sobre todo amañándolles.

O Sr. Alcalde di que con ánimo de acortar o debate, suscribe as palabras do Sr. Rivas Alvarez.

Sometida a votación a moción de Unións Agrarias, obtén 8 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos Municipais do BNG, PSG-PSOE e UPRI) e 4 en contra (dos membros do Grupo Municipal do BNG), acordándose:

1º Instar a Consellería do Medio Rural a que reconduza as bases desta convocatoria para que non se dean situacións de desigualdade entre as explotacións.

2º Esixir do Goberno galego que ante esta situación aposte porque se destinen fondos adicionais para que estas explotacións non queden nunha situación de competencia desigual co resto de Galicia.

3º Solicitar desta Corporación municipal para que no caso de non producirense estas modificacións e o reenfoque nas medidas previstas pola Xunta de Galicia. apoie as accións reivindicativas na defensa das explotacións que teñen unha rendibilidade totalmente insuficiente para a súa supervivencia, o que repercutirá no papel fundamental que desempeñan no mantemento do territorio, na conservación do medio natura .”

5.-MOCIÓN DO SINDICATO LABREGO GALEGO SOBRE AXUDAS DA PAC.-

Dase conta da Moción epigrafiada, cuxo contido se transcribe de seguido:

“Antonio Villarino Rego, con DNI número 33302091T, e enderezo a efectos de notificacións en Avda. Calvo Sotelo, nº 3. 1ºE, 27700 Ribadeo, Lugo, (Teléfono nº 630970132) na miña condición de Coordinador Comarcal do Sindicato Labrego Galego, traslado aos Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que. de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- No Real Decreto 661/2010, de 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagos directos á agricultura e á gandería que publicou o Ministerio de Medio Ambiente. Medio Rural e Mariño, (BOE nº 26 de data 30 de xaneiro), regúlase unha nova liña de axudas no marco da PAC, concretamente nos artigos 90 e seguintes, destinadas ás explotacións gandeiras de orientación láctea.
- Establécese como requisito para optar a estas axudas que a explotación beneficiaria esteña situada en concellos considerados zona desfavorecida ou de montaña, segundo a relación que se recolle no anexo 9.1.1. *Listado de Zonas Desfavorecidas de España, del Programa de desarrollo rural para las medidas de acompañamiento.*
- Pola súa parte, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos a agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010 (Doga nº 39 de 26 de febreiro) refrenda esta medida (artigos 83 e ss.), excluindo destas axudas ás explotacións que non esteñan situadas en concellos catalogados como de montaña ou desfavorecidos, e que se relacionan no anexo 21 da Orde (páxinas 2590 e 2591 do Doga nº 39 de 26 de febreiro de 2010)
 - A aplicación deste criterio val deixar fora a un importante número de gandeirías de leite, por estar situadas en zonas non consideradas desfavorecidas ou de montaña, entre as que se podería destacar pola súa vocación leiteira A Marina de Lugo. nomeadamente os concellos de Trabada, Ribadeo, Lourenza. Barreiros e Foz.
- É facilmente constatable que as condicións para a produción de leite nesta comarca non son substancialmente mellores que as de outras zonas catalogadas como desfavorecidas (de feito, en amplas zonas da mesma xa non queda ningunha explotación Láctea). polo que non se xustifica esta exclusión: a non percepción destas axudas crearía un clarísimo agravio comparativo para as explotacións radicadas nestes concellos: afectadas. como é sabido, por unha importante caída das rendas. Polo exposto. SOLICITO a presentación desta MOCIÓN diante o pleno da corporación municipal. para que este adopte os seguintes acordos:

1. Demandar do Ministerio de Medio Ambiente. Medio Rural e Marino o cambio dos criterios de adjudicación destas axudas. de maneira que se poidan beneficiar delas todas as explotacións lácteas de Galiza. tal como se establece no caso da Comunidade Autónoma das Illas Baleares.

2. Demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia de non cumprirse o solicitado no punto anterior. que dispoña, con cargo aos seus propios presupostos. os recursos necesarios para compensar as explotacións lácteas que se vexan privadas do acceso a estas axudas por non estar situadas nos concellos incluídos en zonas desfavorecidas na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Facer público este acordo e respaldar as accións reivindicativas que o sector lácteo da comarca leve adiante.”

Sometida a votación a moción do Sindicato Labrego Galego, obtén 8 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos Municipais do BNG, PSG-PSOE e UPRI) e 4 abstencións (dos membros do Grupo Municipal do BNG), acordándose, en consecuencia:

1.Demandar do Ministerio de Medio Ambiente. Medio Rural e Marino o cambia dos criterios de adxudicación destas axudas. de maneira que se poidan beneficiar delas todas as explotacións lacteas de Galiza. tal como se establece no caso da Comunidade Autónoma das Illas Baleares.

2.Demandar da Conselleria de Medio Rural da Xunta de Gallia de non cumprirse o solicitado no punto anterior. que dispoña, con cargo aos seus propios presupostos. os recursos necesarios para compensar as explotacións lacteas que se vexan privadas do acceso a estas axudas por non estar situadas nos concellos incluídos en zonas desfavorecidas na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Facer público este acordo e respaldar as accións reivindicativas que o sector lácteo da comarca leve adiante.”

Deliberase , en turno de explicación de voto, sobre a votación á moción do Sindicato Labrego Galego, aprobada por 8 votos a favor e 4 abstencións e o Sr. Rodríguez Andina di que non son en contra, que son abstencións (toda vez que inicialmente se tiña proclamado o voto en contra do Grupo Popular).

O Sr. Alcalde dille que como estaba o Ministerio polo medio, votou dese xeito.

O Sr. Rodríguez Andina di que a explicación é moi sinxela, como estaba o Ministerio “polo medio” dos sindicatos e olvídase da parte importante do asunto e dispara directamente á intermedia, (en relación á Xunta de Galicia), que tomar o pelo, por enriba, non.

O Sr. Alcalde dille que foi moi hábil na súa proposta.

6.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE NON TRIBUTACIÓN POLO IVE DE FACTURAS NON COBRADAS POR AUTONOMOS E PEMES.-

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

“.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE APOIO Á PROPOSICIÓN NON DE LEI DO GRUPO POPULAR NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO IVE DAS FACTURAS NON COBRADAS.-

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É connumente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos é pemes son dos que teñen mais importancia dentro do mercado de traballo pola súas diversas funcións de empregadores, xeradores de actividade económica e outras de calado social, como as de fixación da poboación no entorno ou a de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.

E sabido que nos momentos alcistas do ciclo económico a súa actividade coma empresarios é crucial para explicar o dimensionamento do mercado laboral e o gran aumento da empregabilidade, Tendo en conta a estrutura productiva da economía galega e a carencia de grandes empresas, son os autónomos e pequenos empresarios os que asumiron a responsabilidade de seren, coma colectivo, os principais creadores de emprego na nosa Comunidade.

As cifras do colectivo son abrumadoramente significativas, en Galicia mais de 230.000 persoas pertencen a este colectivo, e representan 1 de cada 4 afiliados a Seguridade Social na nosa CA , e son mais do 70% das pemes galegas.

Traballadores autónomos e pequenas e medianas empresas están véndose moi afectadas pola crise económica que atravesamos noso país. O número de autónomos afiliados á Seguridade Social estase a reducir e consecuentemente a creación de empresas.

Asimesmo, autónomos e PEMES están atravesando os mais graves atrancos e son os que atopan mais dificultades para obter financiación. A maioría das PEMES que acudiron a unha entidade para solicitar crédito tiveron problemas para obtelo.

Por todo elo, o Congreso dos Deputados, a instancia do Grupo Parlamentario Popular, aprobou o 21 de abril de 2009, unha Proposición non de lei relativa a medidas fiscais para mellorar a liquidez de PEMES e autónomos que non cobren as súas facturas. A pesares do tempo transcurrido, o Goberno non deu cumprimento ao mandato do Congreso dos Deputados, polo que o 8 de outubro de 2009 se promoveu unha proposición de lei para modificar a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, co fin de eximir a PEMES e autónomos da obrigaón de tributar por IVE polas facturas non cobradas. O pasado día 9, o Congreso dos Deputados acordou por **unanimidade** a toma en consideración da antedita Proposición de Lei.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Ribadeo acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI, di que o seu grupo non ten ningún inconveniente en apoiar a esta moción, pero si lles gustaría que se comezase dando exemplo desde o Concello pagándolles o máis pronto posible as facturas para que non tivese que dar lugar a situacións coma esta, que teñen que ingresar o IVE sen ter cobrado a factura, viron antes o exemplo de facturas de dous anos que non sabe se se pasaron ou non, e que hai facturas de máis de dous anos sin pagar e outras que se pagan habitualmente, que hai que comezar por dar exemplo e por ir alixeirando todo iso que hai aí pendente.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Socialista di que o seu grupo vai apoiar a moción, que non van ir en contra de que se aprobe no Parlamento cos votos do Partido Socialista e do Partido Popular, que foi por unanimidade.

O Sr. Rodríguez Andina di que lle permita dicir algo, que o único problema que hai e que se aprobou o 21 de abril de 2009 ,pero que quen goberna e quen goberna , e houbo que volvelo a presentar o 8 de outubro de 2009 porque desde abril ata outubro aprobouse pero non se fixo.

O Sr. Pérez Vacas di que a van aprobar coa salvedade de que goberna quen goberna, e que foi o que nomeou o pobo cos seus votos.

O Sr. Rodríguez Andina di que por suposto.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo vai aprobar a moción.

Sometido a votación, aprobouse por unanimidade de tódolos concelleiros presentes, a Moción epigrafiada co contido dispositivo seguinte:

O Pleno do Concello de Ribadeo acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.

7.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO GALICIA TEN DEREITO

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracions desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentan, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuir a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.

O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.1.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009, do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación legislativa das caixas de aforros de Galicia.

A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia Picaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e mais os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto "Galicia ten dereito" sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar o resto da sociedade o seu contido para que se sumen todas aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete para a ssú toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Ribadeo acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito ", dando traslado deste acordo plenario o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.”

O Sr. Alcalde di que agora hai dúas mocións que son similares, unha do PP e outra do BNG, sobre adhesión ao manifesto “Galicia ten dereito” e que son iguais.

O Sr. Rodríguez Andina di que todo o mundo sabe de que vai.

O Sr. Alcalde di que é sobre a fusión das caixas galegas e pregunta que intención ten o Grupo Municipal de UPRI.

O Sr. Rivas Álvarez di que eles vanse abster, que é un tema que lles cae tan lonxe, que están de acordo en que Galicia ten que ter decisión, pero que é un tema no que se van abster e non van entrar nin sequera no debate.

O Sr. Pérez Vacas di que os do seu grupo vanse abster, pero que se queren entrar no debate que eles tamén entran.

O Sr. Alcalde di que como queiran.

O Sr. Pérez Vacas di que a postura do seu grupo vai a ser a abstención por moitos temas, en concreto, pola gran disparidade de criterios en canto ao que é a propia fusión, sobre todo no termo viabilidade, eles entenden o punto do grupo socialista de Ribadeo, entenden que o termo viabilidade cando se fala de diñeiro non lles cadra nada, porque entenden que iso de falar da fusión monetaria ten moi pouco de nacionalismo, entón non se cre nada que esa fusión posible das dúas caixas, da Caixa Nova e da Caixa Galicia, teña que ser por criterios de viabilidade entre outras cuestións, entón como é un debate e recollendo os criterios do Sr. Rivas Alvarez lle queda un pouco lonxe, en canto a situación económica que se poida xenerar neste país se a fusión convén ou non convén, porque hai criterios dispares, mesmo o instituto presidido por unha persoa de tanta solvencia como é Anxo Quintana sobre esa fusión, eso xenéralle determinadas dúbidas, eso, e outros criterios que leeu, por iso cre que a postura máis coherente pola súa parte é a abstención.

O Sr. López Penabad di que o seu grupo vai a votar a favor.

O Sr. Pérez Vacas pregunta se vai votar a favor das dúas mocións.

O Sr. López Penabad di que si, que por suposto.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo tamén vai votar a favor, pero que queren xustificar ou motivar o seu voto, xa que el cre que non lles queda nada lonxe, senón que lles queda moi cerca, son dúas caixas galegas resultado da fusión de moitas máis caixas, nos últimos lustros, e dúas grandes caixas galegas que poden quedar totalmente volatilizadas e dependentes de capitales exteriores, que non sabe se vai a ser de nacionalistas galegos ou non, que non o sabe, pero que se se fusionan con outras de fora desde logo o poder de decisión non vai estar en Galicia, e él o que sabe é que cando o poder de decisión non está aquí, non sabe onde estará, pero que aquí non vai estar, polo tanto serán coma sempre, e co aforro dos galegos, e entre tódolos galegos tamén están os de Ribadeo pois se poderán tomar determinacións que non sexan interesantes para os servicios sociais, para o desenvolvemento do país.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que noutra orde de cousas tamén o que eles queren é o apoio a este manifesto de Galicia ten dereito, tamén se dí cunha advertencia, que o que non se vai admitir é que isto sexa como “engordar o cocho para matalo máis gordo”, o que non pode ser é que alguén poida facer algunha estratexia de fusionar para que logo esta gran caixa galega que vai a ser das primeiras do Estado que sexa absorbida por outra aínda máis, para entrar en xogos políticos de rivalidade estatal, que esperan que iso nunca se dea, pero é unha dúbida que tamén ten, non sabe pola contra se o que di o Sr. Pérez Vacas é así, que quizais poida ser, porque tamén cre recordar que o que foi presidente do goberno de Galicia ata hai un ano máis ou menos, abandonou o seu escano bastante enfadado entre outras cousas pola oposición do seu grupo sobre a situación das caixas galegas e polo seu desacordo coa oposición tan pertinaz contra esta fusión.

Sometido a votación a moción do PP sobre Galicia ten dereito, obtén 8 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do PP e do BNG) e 5 abstencións (dos membros presentes dos Grupos municipais do PSG-PSOE e de UPRI), quedando aprobada co seguinte tenor literal da súa parte dispositiva:

O Pleno do Concello de Ribadeo acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito", dando traslado deste acordo plenario o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, e ao Goberno de España

8.MOCION DO BNG SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO GALIZA TEN DEREITO.-

De seguido pasase ao tratamento da Moción que se transcribe de seguido:

"Vicente Castro Reigosa portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Ribadeo, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación.

MOCION DE ADHESIÓN AO MANIFESTO GALIZA TEN DEREITO.-

EXPÓN:

Como e ben coñecido nestes días prodúcese en Galiza un profundo debate social, económico e político en relación co modelo de caixas de aforro de Galiza, derivado da modificación da Lei Galega de Caixas promovida polo BNG e finalmente aprobada polo maioría do Parlamento Galego o 29 de decembro de 2009. así como a posíbel fusión das dúas caixas propias do país. Caixa Nova e Caixa Galicia.

O recurso de inconstitucionalidade anunciado polo goberno do Estado contra o acordo do Parlamento Galego de 29 de decembro polo que se aproba a Lei Galega de Caixas. pode xerar graves problemas para que as nosas caixas cheguen a tempo de facer os trámites necesarios de cara a beneficiarse dos fondos FROB e incluso pode derivar no deslocalización ou absorción das dúas caixas por parte doutras de carácter foráneo, o que tería nefastas consecuencias na existencia de ferramentas de financiamento para o sistema produtivo galego co drenaxe do aforro galego cara a outros territorios do Estado.

Por este motivo o BNG promoveu a sinatura do manifesto "Galiza Ten Dereito" asinado o 5 de febreiro de 2010 polos sindicatos CIG. UGT, CC.00. a CEG e os partidos políticos BNG e PP, que ten o seguinte contido:

Galiza ten dereito

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancario, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro polo deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Fronte a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das Caixas. a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei Galega de Caixas.

O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma do Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza os facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente palancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza

que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foraneas.

Sen a fusion das duas caixas galegas, Galiza ficaria sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico. Conscientes do gravidade do situación, manifestamos:

Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do Pais, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. E vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

1.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego.

Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa basca, a catala ou a andaluza. Por que se recorre a noso e non a deses outros territorios. O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xuridico que se considere mais acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, coma ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

1.- Galiza ten dereito a propiciar a fusion das súas caixas. O goberno central tamen debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusion dentro do pais, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galeguidade dos caixas galegos coa súa fusión. Unha fusion paritaria, do que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e preto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Este en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvie cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

ACORDO:

A Corporación municipal de Ribadeo acorda adherirse o manifesto "Galiza ten dereito" dando traslado deste acordo aos grupos parlamentares representados na Cámara Galega, á Xunta de Galiza, cos Grupos Parlamentares representados no Congreso e no Senado e ao Goberno do Estado.

Sometida a votación a moción do BNG transcrita anteriormente, obtén 8 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do PP e do BNG) e 5 abstencións (dos membros presentes dos Grupos municipais do PSG-PSOE e de UPRI), quedando aprobada co seguinte tenor literal da súa parte dispositiva:

A Corporación municipal de Ribadeo acorda adherirse o manifesto "Galiza ten dereito" dando traslado deste acordo aos grupos parlamentares representados na Cámara Galega, á Xunta de Galiza, cos Grupos Parlamentares representados no Congreso e no Senado e ao Goberno do Estado.

9.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE ACTIVIDADE NO PORTO DE RIBADEO.-

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

"O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA (PPdeG) no Concello de Ribadeo a través do seu portavoz D José Carlos Rodríguez Andina en base á lexislación vixente, presenta a seguinte MOCION:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 5 de febreiro o Presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, visitou o porto de Ribadeo, amosando moito interese por manter e mellorar a actividade do mesmo.

Ante unha situación de competencia, promovida polo goberno central e o goberno do Principado de Asturias, que pretenden o desplazamento do comercio de pasta de papel de Ence do porto de Mirasol ó porto do Musel en Gijón, debemos reaccionar.

O porto de Gijón, ó que se levaría pasta por FEVE, e no que tampouco se dispón de melloras para a carga en tódalas condicións climatolóxicas non mellora a loxística do porto ribadense. A situación xeográfica, a posibilidade de almacenaxe e os costes fan do noso porto a solución idónea.

A competitividade do porto debe incrementarse para fidelizar a carteira de clientes actual e adherir novas empresas que aumenten o volume de negocio do Porto de Mirasol. Descártase en calquer caso a construción da polémica nave proxectada por Portos de Galicia na lexislatura anterior, por crear un impacto ambiental desproporcionado.

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Solicitar á Xunta de Galicia as medidas necesarias encamiñadas ó mantemento e impulso da actividade do porto.

2.- Manifestar o respaldo da corporación municipal a aquelas medidas tomadas por Portos de Galicia, en colaboración co Concello, para lograr a consolidación e mellora das actividades do porto comercial.”

Iniciase deliberación na que o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular dí que cre que todos os Grupos entenderá que despois da reunión do outro día co Presidente de Portos de Galicia donde lles plantexou a solución que él ofrecía a ENCE para resolver os asuntos do Porto de Mirasol, eles retiran a Moción porque se dan por satisfeitos co que propuxo aquí e como cre que case todo o mundo, e polo tanto, non hai instalos agora a nada porque xa o fixeron o que si queren é agradecer que fixeran con tanta prontitude xa que non lles deron tempo nin a debatila aquí.

O Sr. Alcalde di que entón retírase a Moción, segundo a proposta do Grupo Municipal Propoñente, coa conformidade do Grupo Municipal Popular, non entrándose polo tanto na deliberación da mesma, por asentimento da Corporación.

2010/11/21.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS PENDENTES DA SESION ANTERIOR

O Sr. Alcalde pregunta se había algunha pendente da sesión anterior.

O Sr. Rivas Álvarez dille que si.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira Delegada de Cultura, di que tiña unha pendente relativa ao inventario de instrumentos da Escola de Música, polo menos o que a ela lle ataña, e trae algo que está aportado no expediente de Secretaría. É un inventario donde consta a relación, o elemento, a marca, o coste, o estado, a data de alta e a procedencia dos instrumentos que había na Escola de Música. Di que hai datas incluso desde o ano 2000, ou 1999, 2007, etc., quere dicir con isto, que estaba en vigor, faise constancia de donde

proceden os instrumentos, cales pertencen a doadores, cales a escola e cales a particulares. Isto era o que existía e o que estaba alí, e a raíz de todo o expediente, ademais ela mesma xunto cos profesores que estiveron traballando este verán, fixeron unha actualización de todo isto que tamén obra no expediente con data de xullo, non sabe se o 6 de xullo a presentaron , con todo isto que había e se fixo firme o que estaba, o que non estaba, que é de xullo e non sabe concretamente a data.

No seguinte, desde o 8 de outubro do 2009 a persoa que estaba de Director, D. David Ballester volveu a revisar todo isto e volveu a mirar que instrumentos había, cales non había, e se efectivamente estaba todo controlado e en orden. A maiores de todo isto, desde o ano 2005, todo o profesorado que imparte clases na Escola Municipal de Ribadeo ten un listado de instrumentos que teñen , cada alumno na súa materia, e dicir, os que son propiedade do profesor e os alumnos que asisten a súa materia, e o número de serie e o instrumento que teñen eses alumnos. Isto desde o ano 2005. Tamén aparece Amadores da Música que é o que ten máis propiedade de instrumentos , cun papel de rexistro donde se fai unha especie de contrato de cesión as persoas que tocan eses instrumentos, donde se fai referencia a persoa que leva os instrumentos , e aos pais como persoas responsables dese instrumento, e donde se pon de manifesto tamén que se se daña por un importe superior os 200 € terá que repoñer o instrumento que se cede, tanto de Amadores da Música que son os que teñen o groso de instrumentos que hai na Casa do Mar como os alumnos da Escola, porque dos instrumentos que hai deles , mentras que os alumnos proban se son capaces de traballar cun instrumento ou non, por un período de polo menos un ano, se lle cede ese instrumento da Escola antes de que o compren.

Di que toda esta documentación está no expediente que está en Secretaría a excepción deste documento e do actualizado no 8 de outubro de 2009 , e que está na Escola de Música.

O Sr. Rivas Alvarez di que non contestou a súa pregunta, que eles tiñan preguntado se había un libro-inventario , non unhos listados, que se refería a un libro, que poña "libro-inventario" que se vai reenchendo e dando de alta e dando de baixa cando corresponde.

A Sra. Álvarez Lastra di que naquelo está cando están dados de alta, cando de baixa, ten o que falta e o que non falta, etc.

O Sr. Rivas Alvarez, di que ela está falando dun listado e que él preguntou se había un libro.

A Sra. Álvarez Lastra dille o Sr. Rivas que rize o rizo o que queira, que o listado dos rexistros de instrumentos que hai na Escola de Música está aquí, que ten as datas de alta, e que rizen o que queiran e que non digan nos medios que non está o tema da Escola de Música, non é outro, que está todo moi controlado e que saque o que queira, que o listado está aquí, as datas de cando se trouxeron está aquí e todos os instrumentos están datados desde o ano 1999, na época de Hernán Naval, actualizados, coas altas e baixas, e iso é o que hai.

A Sra. Concelleira Delegada manifesta o seu enfado respecto ao asunto.

O Sr. Rivas Alvarez di que non fai falta dar golpes na mesa, nin alporizarse, di que él preguntou se había un libro de rexistro.

A Sra. Alvarez Lastra di que lle chame libro ou que lle chame o que queira, que o libro de rexistro está eiquí (sinalando a documentación que obra no seu poder).

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rivas Alvarez, que a contestación está efectuada.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que ten alí unha pregunta do Sr.López Pérez, que era sobre unha carta dunha persoa referente a unha maqueta, e di que efectivamente pasou el unha copia disto e que se lle fixo unha carta de contestación agradecéndolle iso.

Despois tamén cre que lle pedía un informe por denuncias de tráfico na zona do mercado dos domingos.

O Sr. López Pérez, dille que non foi el que fora o Sr.Pérez Vacas e pregúntalle ao mesmo, senón o pedira él.

O Sr. Pérez Vacas, diille que se lle pregunta a él, que non o sabe.

O Sr. Alcalde di que se lle pediu un informe deso e que o ten aquí.

O Sr. Pérez Vacas di que como foi e se foi nunha pregunta.

O Sr. Alcalde, pola súa parte, di que non se acorda, que cre que si que lla fixo. Explícalle que foi por un domingo que se multara cando non había mercado dos domingos.

Pregúntalle o Sr. Pérez Vacas senón está a data da pregunta, e o Sr. Alcalde di que foi no último.

O Sr. Pérez Vacas di que cal era a pregunta que quere contestar.

O Sr. Alcalde dille que nada, que está alí o informe que lle pediron da Policía por si o quere, e pídelle ós concelleiros que llo pasen.

O Sr. Pérez Vacas dalle as grazas, e cando llo pasan, recorda e di que era do mercado dos domingos cando non había mercado, que agora entende que era outra cuestión, que preguntara porque non houbera mercado e en cambio si se denunciara aos que estaban aparcados senón había mercado.

O Sr. Alcalde di que lle fixo un informe a Policía Municipal.

ROGOS E PREGUNTAS NOVOS.-

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

Preguntas do Sr.Rodríguez Andina.-

O Sr. Rodríguez Andina fai o primeiro rogo, que se axilicen en relación ao presuposto, a aprobación do presuposto anual, porque polo menos o ano pasado lles decían que estaba o caer o presuposto e llo repetían, que faigan un esforzo, que están a mediados de marzo e aínda non llo dixeron a primeira vez, e tendo en conta que desde que o dicen a primeira vez e acaban estando o presuposto encima da mesa, pasan unhos cantos meses, que o vaian dicindo algunha vez.

O Sr. Alcalde di que toman nota.

O segundo rogo do Sr. Rodríguez Andina e que teñan ollo, que non dubida de que a técnica correspondente vai a telo e moito, co que se prorroga, que hai un decreto disto pero que non van a

decretos, van a rogos e preguntas, xa que non todo se prorroga e que están co presuposto prorrogado de 2009.

O Sr. Rodríguez Andina fai unha pregunta que lla terá que contestar a Inteventora porque seguro que o Alcalde está co técnico, e é se as modificacións de crédito no presuposto prorrogado valen con cargo a ese presuposto prorrogado.

O Sr. Castro Reigosa e a Sra. Iglesias Prego (Inteventora da Corporación) respostan ao mesmo tempo que si, e que logo se consideran feitas no seguinte.

O Sr. Rodríguez Andina formula outra pregunta se esa operación que se fixo con Caixa Galicia é para abrir a conta para que vaia para os cartos que veñen de Madrid que supón que é para a travesía.

O Sr. Alcalde di que non, que é para o FEIL.

O Sr. Rodríguez Andina di que conta entre outro montón de cousas cunha operación de tesourería de ata o 15% sempre e cando non se retiren os fondos, e di que supón que é para pagar a obra que se vaia facendo.

O Sr. Castro Reigosa respóstalle que non, que é o 15% restante, que financian ata o 85% e queda un 15% da última certificación.

O Sr. Rodríguez Andina di que se lle admiten unha operación de tesourería dese 15%, e di que a súa pregunta, que a el lle da igual que sexa do principio que do final, se iso é unha operación de tesourería do 15% para pagar a obra, preguntando sobre a cuestión.

O Sr. Alcalde respóstalle que claro.

O Sr. Rodríguez Andina dille que non lle digan “claro”, senón que lle contesten.

O Sr. Castro di que si que era para pagar as obras.

O Sr. Rodríguez Andina dille que despois hai outra operación de tesourería de 600.000 € que supón que esos xa non serán para pagar obra, senón que será un ofrecemento ,graciable, da propia empresa xa que para gañar o concurso , que ofreceu entregar esas ventaxas e ampliar a operación de tesourería a 600.000€, e pregunta se está equivocado, e asimesmo pregunta se é en xeral para o que faiga falta.

A Sra. Iglesias Prego di que se pediu unha posible financiación, ben sexa como operación de tesourería ou outro sistema de financiación para que anticiparan o 15% do que hai que anticipar por parte do Concello.

Ademais pediuse unha operación de tesourería de 600.000€, e dicir, que na solicitude ían tres cousas: a apertura dunha conta a que obriga o fondo, a financiación do 15% e unha operación de tesourería.

O Sr. Rodríguez Andina di que eso que significa que agora mesmo están cunha operación de tesourería de 600.000€, senón se firmou cando se firme, e o pregunta.

A Sra. Iglesias Prego di que si.

O Sr. Rodríguez Andina di se pode preguntar con que operación de tesourería estaban funcionando ata o de agora.

O Sr. Castro Reigosa di que con 360.000€.

O Sr. Rodríguez Andina di que entón de 360.000 pásase a 600.000€ e supón que esta é unha operación de tesourería normal e non finalista.

A Sra. Iglesias Prego dille que a operación de tesourería é para solicitar a dispoñibilidade de tesourería.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se a anterior é finalista, que é do 15% para as obras.

A Sra. Iglesias Prego dille que si.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se a de 600.000 tamén é para pagar a obra.

A Sra. Iglesias di que non.

Entón o Sr. Rodríguez Andina fai un rogo, que con esa operación de tesourería de 600.000 euros que se pague, e non di a eles (referíndose ós Concelleiros), senón ós provedores.

O Sr. Alcalde pregúntalle que para que cre que é.

O Sr. Rodríguez Andina formula outro rogo, que respecto as operacións de tesourería non haxa que buscarlas mirando decretos, dentro dos condicionantes que pon a entidade financeira , para chegar a conclusión de que acordaron pedir unha operación de tesourería de 600.000€, que se sexa máis transparente, que o final íase saber igual pero que tivo que “bruxulear” no medio da oferta.

O Sr. Alcalde di que foi incluso unha cuestión que se lle ocorreu técnicamente aos técnicos, que lles parecía adecuado ,e neste momento nin ao Concello de Ribadeo nin a ningún outro concello, que xa saben que as operacións de tesourería e as cuestións, que as liñas de crédito que non as quere, entón é unha boa opción quen queira o millón de euros, que tiveron cincuenta mil peticións por ahí ,e a ver se se ofenden , e pasan unha mellor oferta.

O Sr. Rodríguez Andina di que lle parece ben.

O Sr. Castro explica que hai que ter en conta que leva a cancelación da que está en vigor, e dicir, que son 240.000.

O Sr. Rodríguez Andina dille que non, que son 240.000 máis.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular se pregunta á Alcaldía se a Banda de Música é dirixida por unha persoa que non é o director da Escola e Banda e dí que se eso é así que se estudie con seriedade,e se iso é así roga que se estudie esa posibilidade e se mire ben.

Por parte do Sr.Alcalde se resposta que é á marxe do Concello e polo Sr.Rodriguez Andina se replica que non pode ser, porque dentro do Convenio hai unha praza que ten que exercela e que non pode facerse por esa sociedade dese xeito, e que hai un convenio e si eso foi así roga que estudie esa situación, e que non se trata de ferir , pero cree que a situación lle parece complicada e pide que se analice xurídicamente e que formula o rogo de que se analice.

Preguntas de Dona Begoña Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular.-

En primeiro lugar pola Sra.Sanjurjo Santar se pide que se envíen as actas aos Concelleiros que o desexen por e-mail para aforrar papel.

Signifícase por Secretaría que houbo problemas co correo electrónico dalgúns concelleiros. Maniféstase o criterio unánime da Corporación de que se envíen aos Concelleiros que teñen correo electrónico por este medio e que aos restantes se lles deixe no apartado de que dispoñen no Concello os Grupos municipais.

Fai referencia de seguido a Sra.Sanjurjo Santar á existencia dun foco fundido en Fonte Cavada, pedindo que se arranxe, así como á existencia de verdín en varios puntos de diversas rúas que cita, e menciona asimesmo na zona da Atalaia o estado de abandono, e de silvas no entorno da Aduana Vella, abandono no entorno do ascensor, farolas que están rotas, facendo referencia igualmente ao Parque de Indianos e ironizando de que aínda que xa non existen rás na fonte hai lixo e ramas, e pide que se subsanen ou arranxen estas deficiencias ás que se ten referido, formulando rogo ao respecto.

A mesma Concelleira refírese á paxina web do Concello e pide que se mellore a utilización. O Sr.Alcalde contesta que lle estrana o que se manifesta e que recibe correos electrónicos e que se a Sra.Concelleira sabe dalgún que non chegou pide que llo volvan a mandar.

Rogos e Preguntas do Sr.López Penabad.-

Intervén a continuación o Sr.López Penabad do Grupo Municipal Popular que fai referencia ao rogo xa formulado respecto do embarcadoiro de Porcillán e das dúas escaleiras, pedindo que se subsane e deliberando co Sr.Alcalde sobre esta cuestión.

Fai mención a continuación á situación existente na Rúa Muralla dicindo ao Sr.Alcalde que poden pasar por alí que da pena como está e que lle gustaría saber quen o fixo. O Sr.Alcalde contesta que foi o palista municipal pero que como choveu moito non se puideron levar a cabo outras actuacións e que non se puido rechear con terra e que agarda que se poida realizar próximamente.

De seguido por parte do Sr.López Penabad se fai referencia a que dúas rúas que supón que están entregadas, que son a rúa Carlos III e a rúa Luz Pozo Garza están afundidas, respostando o Sr.Alcalde que coñece a situación e que vai arranxarse a mesma.

A continuación o Sr.López Penabad refírese á necesidade de que se efectúe un desbroce en Vilaselán nunha zona que identifica como fronte á casa de Mamel. O Sr.Alcalde contesta que xa avisou 7 veces para que se efectuase.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI.-

Rogos e Preguntas do Sr.Rivas Alvarez.-

A continuación pásase aos rogos e preguntas do Grupo Municipal de UPRI, intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, que formula a pregunta de que cantas empresas ou provedores solicitaron xuros de demora por non ter cobradas as súas facturas e canto se está pagando actualmente por estes xuros.

O Sr.Alcalde manifesta que contestará no próximo Pleno

Formula igualmente a pregunta de cantas empresas, provedores ou autónomos e con nome e razón social cobraron as súas facturas antes de cumprir os 15 días de presentalas. Cantas e cales antes de 30 días ,e cantas antes de 60 días, e todo elo referido aos meses que van de setembro de 2009 a febreiro de 2010.

O Sr.Alcalde manifesta tamén que contestará no próximo Pleno

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez respecto a se está efectuada a inscrición no Rexistro de Xestores Autorizados da Xunta por parte da empresa que leva o vertedoiro de entullos e punto limpo, contestando o Sr.Cupeiro Rodriguez, Concelleiro de Medio Ambiente que aínda non, que está en trámite na Consellería.

Rogos e Preguntas do Sr.Reymondez Gancedo.-

O Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI, manifesta que non acaba de entender a postura adoptada pola Sra.Concelleira respecto a unha deliberación que mantivo anteriormente co Sr.Rivas Alvarez acerca do inventario ou libro inventario da Escola municipal de música, respostando a Sra.Concelleira que como non lle vai doer, o que se lle dixo, e que non hai tal descontrol e se se detectou foi porque se fixo un traballo exemplar , e que iso é o que se fai realmente na Escola municipal de música e reitera que non hai descontrol algún e o que existiu foi por negligencia dunha persoa , e que eles están ao “pe o canon” e que hai 300 alumnos, proseguindo a deliberación entre ambos sobre o funcionamento do referido servizo, e manifestandose pola Sra.Concelleira , que non está disposta a aceptar que houbese descontrol e que hai un expediente aberto, e que pola súa parte vai presentar todos os papeis.

O Sr.Reymondez Gancedo lle dí que a responsabilidade é súa , respostando a Sra.Concelleira que a documentación está aportada ao expediente e que lles reitera que se reuniron cos pais e explicaron a situación e lles indica que se poden reunir eles para coñecer a situación real.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte, en relación a intervención da Sra.Concelleira lle pide que non diga iso de que están mentindo , que eles se reuniron con Amadores da Música, e procede a explicar o que é un libro rexistro de Inventario nun Centro Educativo.

A Sra.Concelleira remata a deliberación sinalando que o tempo vai poñer a cada un no seu sitio.

O Sr.Reymondez Gancedo a continuación formula a pregunta de que cando está previsto que rematen as obras da Rúa Deputación e rematen as de San Lázaro, contestándose polo Sr.Alcalde que está na páxina do Xacobeo a data prevista.

Pregunta tamén que cando se recepcionou, en que data , a obra da Rúa San Lázaro, e se está rematada, porque hai dous tipos de farolas distintas e cales van funcionar e se van a ser os dous modelos e dí que se vai funcionar un solo modelo que se deixen as farolas que están na actualidade na rúa de San Lázaro.

Pide tamén o Sr.Reymondez Gancedo que se reparen as beirarrúas da rúa San Roque e menciona que os adoquins da Rúa San Francisco fronte a foto Pérez que seguen sen repararse.

Formula asimesmo o rogo de que se colguen na Web do Concello as actas dos Plenos.

Por Secretaría se sinala que respecto as dos Plenos non hai problema ,pero as da Xunta de Goberno están afectadas pola normativa de protección de datos persoais.

Sendo as 11 h. e 45 minutos abandona a sesión , sen reintegrarse á mesma con posterioridade, a Sra. Rodriguez Arca, do PSOE.

Formula outra pregunta o Sr.Reymondez Gancedo respecto á cal é a altura máxima que poden ter as naves que se constrúan no polígono industrial.Polo Sr.Alcalde se contesta que cree que esa informacion figura nos folletos de SEPES e que pensa que duas alturas.

A continuación formula outra pregunta o Sr.Reymondez Gancedo sobre donde se atopa na actualidade o famoso cadro de D.Amando Suárez Couto, e o Sr.Alcalde lle dí que non o sabe, e a Sra.Concelleira de Cultura lle pregunta a qué cadro se refire, dicindo o Sr. Reymondez que “ao grande”, e a Sra. Concelleira lle pide que precise de qué cadro se trata.

Pregunta tamén o Sr.Reymondez Gancedo, cando se vai construír o muro que da acceso á entrada para o Campo da Festa das Cruces na Ponte, contestándose polo Sr.Alcalde que é unha cuestión complexa , pendente de resolver, e o Sr.Reymondez Gancedo dí que hai inquietude veciñal.

Formula asimesmo o rogo o Sr.Reymondez Gancedo de arranxo sobre os baches existentes na estrada que vai de Bestilleiros a Vilamariz e tamén se refire á pista que vai dende a casa de Nar-Xosé ata o cruce co camiño de Santiago en Vilamariz.

Formula igualmente o rogo de que se arranxe o local do Teleclub de Vilamariz que é cuestión de pisar con plaqueta e pintar.

Pregunta igualmente o Sr.Reymondez Gancedo,cándo se vai rematar a Carretera Reme-Vilamar con aglomerado en todo o seu trazado, e o Sr.Alcalde manifesta que tamén quere él sabelo, de xeito irónico, ao tratarse dunha estrada de competencia autonómica.

Formula o mesmo Concelleiro o rogo de que se proceda ,en Árante a rebachear a pista que vai dende o Teleclub á Taberna.

Manifesta asimesmo o Sr. Reymondez Gancedo que respecto á pista que vai de Árante a Remourelle na saída a estrada Reme-Vilamar acumula gran cantidade de gravilla o que non permite frenar e deslízanse os vehículos, e que piden que se solucione este problema que pode ocasionar accidentes de tráfico.

Asimesmo se formula o rogo polo Sr. Reymondez Gancedo de que se inicien os trámites para a cesión da titularidade do parque das Anzas, parcela do polígono 3, nº 129 ós veciños.

O Sr. Alcalde procede a explicar que se dirixiron a él e que non é unha cuestión tan doada como pensan os veciños.

Igualmente se formulan polo Sr. Reymondez Gancedo os rogos de que se amañe a Pista do Monte Barbeito nas Anzas e que se amañe igualmente nas Anzas a pista que vai desde a marquesina dos nenos a "casa do Carteiro".

Pide igualmente que se cambie a marquesina actual "dos nenos", que está nun estado lamentable.

Formulase o rogo ou pregunta de si se pode ensanchar nas Anzas a pista que vai á ponte do Regueiro.

Igualmente formulase un rogo respecto ao feito de que en Vilela, ó lado da escola, o vento tirou (doblou) un cartel dos que anuncian o Plan E o vento, e piden que se retire.

Formulase o rogo de que en Cousela se proceda a amañar as pistas e cunetas, en concreto a de Fornelo e As Ventas.

Igualmente formulase polo Sr. Reymondez Gancedo o rogo de que en Vilausende se amañe , que xa se pediu, a estrada que vai por riba desde o Teleclube ata Santalla de Arriba.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

Rogos e preguntas do Sr. López Pérez.-

Por parte do Sr. López Pérez do Grupo Municipal do PSOE se manifesta que se adhiren ao sinalado polo Sr. Rodríguez Andina respecto ao Director da Banda , e que se tome as medidas oportunas e que se explique.

A continuación o Sr. López Pérez fai referencia a que existe un tema espinoso, do expediente ao Director da Escola de Música e que lle gustaría saber en que situación está, toda vez que a Sra. Concelleira Delegada estivo no Xulgado de Mondoñedo.

Polo Sr. Alcalde se explica que está na súa fase final, e por Secretaría se explica que houbo unha peza separada penal que se está a tramitar diante do órgano xudicial competente.

O Sr. Alcalde manifesta que non ten acceso ao expediente, e que non pode dicir nada e que agarda que se remate canto antes.

Asimismo formulase unha pregunta respecto ao escrito das rúas Barcia Trelles, Rosalía de Castro sobre unhas máquinas que están instaladas alí, e o Sr. Alcalde contesta que falou con eles , e o Sr. López Pérez pide que se se lles conteste por escrito.

O Sr. López Pérez formula o rogo de que se instale un banco no tramo que vai da Pega ao cemiterio municipal.

Por parte do Sr. López Pérez faise referencia ao tema sobre que xa ten preguntado noutras sesións das cantidades que considera que se lle adebedan por prestación de servizos para actos culturais a don José Antonio Sande e pide que se lle conteste por escrito, deliberándose sobre a cuestión. O Sr. López Pérez

insiste en que se lle de unha resposta escrita para que poida formular no seu caso os recursos correspondentes.

Rogos e Preguntas do Sr.Pérez Vacas.-

O Sr.Perez Vacas, pregunta respecto a situación do convenio da Rectoral de Obe para Centro de Alzheimer.

Polo Sr.Alcalde se contesta que houbo os informes favorables de Cultura e de Urbanismo e que se atopa pendente dunhas cuestións de tipo rexistral entre o Bispado e a Xunta.

Toda vez que polo mesmo Sr.Perez Vacas se pregunta respecto á situación do convenio para o Colexio das Monxas para albergue de peregrinos.Polo Sr.Alcalde se contesta que se presentou o proxecto de execución e que están na Xunta preparando a licitación.

E sen mais asuntos que tratar sendo as 24 horas dase por rematada a sesión, estendéndose a presente acta, de que eu como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,